Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a situación social actual das persoas LGTBI en Galicia e a valoración por parte do Goberno galego verbo da inclusión de novos recursos normativos e de novas partidas orzamentarias destinadas ás necesidades dese colectivo

- 46403 - 30107 (12/PRE-016695)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a xestión e as previsións de gasto da Xunta de Galicia en materia de dependencia



- 46401 - 30109 (12/PRE-016696)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a planificación da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de envellecemento e dependencia

- 46399 - 30127 (12/PRE-016705)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a Estratexia estatal para a igualdade de trato e non discriminación das persoas LGTBI+ 2025-2028 e a política que prevé desenvolver nesta materia

- 46397 - 30130 (12/PRE-016707)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as medidas de impulso demográfico do Goberno galego para os vindeiros tres anos de lexislatura

- 46651 - 30132 (12/PRE-016708)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 3 máis

Sobre o tratamento informativo dado pola TVG á noticia verbo da investigación ao exconselleiro do Mar por presunta agresión sexual e os protocolos usados neste medio para este tipo de información

- 46674 - 30191 (12/PRE-016712)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a evolución das políticas de atención á dependencia que pon en práctica o Goberno galego

- 46396 - 30198 (12/PRE-016713)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a organización e a xestión das escolas infantís da rede pública e a calidade dos seus servizos

- 46394 - 30205 (12/PRE-016716)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a disposición da conselleira de Política Social e Igualdade a atender as peticións do alcalde de Foz relativas á xestión da residencia e centro de día desta localidade

- 47482 - 30222 (12/PRE-016725)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da demanda da construción dun acceso sur ao porto da Guarda



- 46676 - 30297 (12/PRE-016728)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a valoración da Xunta de Galicia e as actuacións que prevé realizar respecto da política de loita contra a violencia machista tras o Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma 2018-2022

- 46591 - 30303 (12/PRE-016729)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a valoración que fai o Goberno galego tras as alegacións da Xunta de Galicia ao Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero da Comunidade Autónoma 2018-2022 e as actuacións que ten previsto realizar a este respecto

- 46589 - 30333 (12/PRE-016732)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto dos resultados da política desenvolvida pola Xunta de Galicia en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero

- 47493 - 30345 (12/PRE-016735)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre os motivos de que non se coñeza a documentación da tramitación de Impulsa Galicia relativa ao proxecto tractor denominado «Proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas»

- 47479 - 30361 (12/PRE-016743)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as medidas e os prazos previstos polo Goberno galego no que atinxe á dragaxe do esteiro do río Lérez

- 46679 - 30397 (12/PRE-016748)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións da Consellería de Servizos Sociais de aplicar as medidas do Real decreto 893/2024, do 10 de setembro, e de constituír a Mesa Técnica de Dependencia para a mellora da situación do Servizo de Axuda no Fogar

- 46680 - 30473 (12/PRE-016762)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os problemas de acceso á vivenda para a xente moza na cidade da Coruña, as políticas desenvolvidas nos últimos anos polo Goberno galego e os compromisos que está disposto a asumir nesta materia



- 47492 - 30474 (12/PRE-016763)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o cambio de criterio adoptado pola Xunta de Galicia no réxime de adxudicación das vivendas de promoción pública (VPP) e no paso do arrendamento á compravenda, as razóns que impulsan este cambio e os datos e perspectivas ao respecto

- 46681 - 30477 (12/PRE-016766)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre os termos da Estratexia galega de solo residencial aprobada polo Goberno galego, as conclusións do estudo para determinar a localización das vivendas protexidas anunciadas e a valoración dunha revisión do actual modelo nesta materia

- 46682 - 30538 (12/PRE-016777)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o nivel actual dos prezos da vivenda, as políticas previstas polo Goberno galego nesta materia e o eventual impulso dun plan de vivenda accesible

- 46696 - 30545 (12/PRE-016778)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a situación da vivenda para a mocidade e a poboación universitaria na Coruña, os programas desenvolvidos polo Goberno galego nos últimos quince anos nesta materia e os compromisos que está disposto a adquirir para superar o contexto actual

- 46695 - 30554 (12/PRE-016780)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as características e as condicións da subvención anunciada polo presidente da Xunta de Galicia á rehabilitación de vivendas baleiras que se destinen ao alugamento

- 46694 - 30556 (12/PRE-016782)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o Plan estatal de vivenda 2026-2030, sobre a proposta realizada polo Goberno central en relación coa repartición do investimento en políticas de vivenda entre o Estado e as comunidades autónomas e sobre a postura da Xunta de Galicia ao respecto

- 46691 - 30657 (12/PRE-016789)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego respecto das políticas eólicas en Galicia, a situación en que se encontra a ampliación da Rede Natura galega e a posición da Xunta de Galicia en relación con certas medidas e decisións do Goberno de España nesta materia



- 46586 - 30697 (12/PRE-016792)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre os datos e previsións de que dispón a Xunta de Galicia respecto da renovación e modificación do decreto de artes de pesca e marisqueo

- 46371 - 30703 (12/PRE-016795)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as medidas que ten previsto establecer o Goberno galego respecto da situación das persoas traballadoras do sector marisqueiro na ría do Burgo durante a recuperación da produción da ría

- 46369 - 30719 (12/PRE-016803)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a eficacia do control da Xunta de Galicia sobre os xestores dos comedores escolares no que atinxe á utilización de produtos de proximidade e os plans dos que dispón para fomentar hábitos alimenticios saudables na nosa poboación infantil

- 47491 - 30725 (12/PRE-016805)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre o nivel de diálogo da Consellería do Mar co sector marisqueiro para a posta en marcha das axudas do Plan de competitividade e sostibilidade do marisqueo de Galicia 2024-2025 e a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre o seu desenvolvemento e impacto

- 46367 - 30738 (12/PRE-016813)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a situación do saneamento na zona portuaria de Lorbé, no concello de Oleiros, e as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa eventual intervención nun proxecto de obras para evitar as verteduras

- 47489 - 30748 (12/PRE-016817)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as actuacións previstas no futuro convenio co Concello de Ferrol para desenvolver un plan de rexeneración urbana da cidade e os prazos para a súa sinatura e posta en marcha

- 46365 - 30758 (12/PRE-016822)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre os compromisos adquiridos e os orzamentos comprometidos pola Xunta de Galicia para desenvolver o proxecto *Abrir Ferrol ao mar*

- 46364 - 30780 (12/PRE-016828)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia



Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as contías de financiamento e instrumentos usados para construción de dous proxectos anunciados polo Goberno galego para o impulso da industria metalúrxica na comarca de Ferrol, Eume e Ortegal

- 47487 - 30791 (12/PRE-016832)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as actuacións e prazos previstos pola Xunta de Galicia respecto do convenio de rehabilitación do Concello de Ferrol

- 46357 - 30801 (12/PRE-016835)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre os datos de que dispón o Goberno galego respecto do mantemento das infraestruturas nas residencias de maiores da Xunta con xestión privada e a frecuencia con que se realizan as inspeccións e o control necesario, especialmente na residencia de Laraxe, en Cabanas

- 46354 - 30808 (12/PRE-016838)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre as previsión da Xunta de Galicia respecto do proxecto da Variante de Portosín tendo en conta o seu impacto ambiental

- 46585 - 30986 (12/PRE-016854)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre os datos e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da planificación eólica en Galicia

- 46351 - 31112 (12/PRE-016856)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa xestión pública do centro de atención para persoas con discapacidade construído no barrio de Barrocás, na cidade de Ourense

- 47485 - 31115 (12/PRE-016858)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre os motivos e as previsións do Goberno galego respecto de determinandas actuacións realizadas en Ourense

- 46349 - 31146 (12/PRE-016868)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis



Sobre a postura da Xunta de Galicia ante as peticións do Comité de Empresa do Centro de Menores Monteledo, de Ourense, respecto das condicións das súas instalacións e da dotación de persoal

- 46348 - 31207 (12/PRE-016890)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e López Font, Carlos

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do estado da estrada OU-533 entre Viana do Bolo e A Gudiña e do eventual desenvolvemento dun proxecto de mellora integral desta infraestrutura viaria

- 46581 - 31809 (12/PRE-016904)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre as razóns da disolución da sociedade Impulsa Galicia, o calendario de liquidación previsto e outros datos que atinxen ao proceso

- 46580 - 31810 (12/PRE-016905)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as razóns da disolución da sociedade Impulsa Galicia, o calendario de liquidación previsto e outros datos que atinxen ao proceso

- 46297 - 32228 (12/PRE-016922)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre os contratos de externalización do IGAPE no que respecta ao seu número, custo, tarefas e criterios, así como ao control da calidade dos servizos, e sobre o persoal interno dispoñible e os plans para o seu reforzo

- 46296 - 32229 (12/PRE-016923)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre os contratos de externalización do IGAPE no que respecta ao seu número, custo, tarefas e criterios, así como ao control da calidade dos servizos, e sobre o persoal interno dispoñible e os plans para o seu reforzo

- 46295 - 32230 (12/PRE-016924)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre os contratos de externalización do IGAPE no que respecta ao seu número, custo, tarefas e criterios, así como ao control da calidade dos servizos, e sobre o persoal interno dispoñible e os plans para o seu reforzo

- 46293 - 32479 (12/PRE-016939)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis



Sobre o impacto do recorte do FEMPA e as accións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir os fondos pesqueiros e a súa xestión desde Galicia

- 46289 - 32579 (12/PRE-016947)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre o número e o estado das vivendas afectadas polos incendios deste verán, así como as compensacións e medidas para garantir alternativas habitacionais e apoio ás vítimas

- 46287 - 32743 (12/PRE-016964)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre os centros de menores que financia a Xunta de Galicia, os que son de carácter relixioso, os de xestión directa e os medios que vai achegar para atender os menores estranxeiros que chegarán durante 2025

- 46282 - 32959 (12/PRE-016982)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a postura da Xunta de Galicia no marco de negociación presentado polo Goberno de España para resolver o problema dos menores migrantes non acompañados

- 46578 - 33062 (12/PRE-016994)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o número de condenas penais, as indemnizacións, a autoría e outros datos referidos á comisión do delito por provocación de incendios forestais en Galicia nos últimos anos

- 46281 - 33084 (12/PRE-017002)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que concirne á dotación orzamentaria para a execución dunha rotonda e doutros posibles proxectos de mellora da seguridade viaria na PO-344 á entrada de Santa María de Tebra, en Tomiño

- 46280 - 33159 (12/PRE-017020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as demandas dirixidas á Consellería de Política Social e Igualdade co fin de que abra un centro de día público no concello de Corcubión e as súas previsións ao respecto neste concello e na Costa de Morte

- 46278 - 33166 (12/PRE-017021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís



Sobre as previsións do Goberno galego ante a situación dos servizos aeroportuarios en Galicia logo do recorte da actividade da empresa Ryanair

- 46276 - 33170 (12/PRE-017022)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e 8 máis

Sobre as medidas promovidas pola Xunta de Galicia destinadas a recuperar as vivendas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán de 2025

- 46274 - 33188 (12/PRE-017026)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 9 máis

Sobre o anuncio de Ryanair relativo á redución das súas operacións nos aeroportos galegos e o papel do Goberno central nesta situación

- 46272 - 33223 (12/PRE-017031)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións da Xunta de Galicia canto á planificación do modelo de escola infantil

- 47563 - 33256 (12/PRE-017037)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a situación ambiental do monte Aloia e as previsións da Xunta de Galicia no que concirne ao control de especies invasoras e á conservación dos seus hábitats

- 47561 - 33259 (12/PRE-017038)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne á dotación económica para o control de especies invasoras no monte Aloia e a conservación dos seus hábitats naturais á marxe das necesidades económicas, sociais e culturais

- 46690 - 33269 (12/PRE-017041)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o estado de conservación da ponte medieval de Ponte Sampaio, a prohibición do tráfico rodado sobre ela e o cambio de titularidade do treito da estrada PO-264 entre Paredes e Arcade

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 5 de febreiro de 2026, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifican as Directivas 2008/98/CE, 2010/75/UE, (UE) 2015/2193 e (UE) 2024/1785 do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe á simplificación de determinados requisitos e a redución da carga administrativa [COM (2025) 986]

-12/UECS-000122 (49518)

Consulta sobre o principio de subsidiariedade en relación coa Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifican as Directivas 2008/98/CE, 2010/75/UE, (UE) 2015/2193 e (UE) 2024/1785 do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe á simplificación de determinados requisitos e a redución da carga administrativa [COM (2025) 986]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 49518, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa a Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifican as Directivas 2008/98/CE, 2010/75/UE, (UE) 2015/2193 e (UE) 2024/1785 do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe á simplificación de determinados requisitos e a redución da carga administrativa [COM (2025) 986]

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladarlles o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2026

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29079**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, dona Ariadna Fernández González e don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"o modelo pedagóxico da rede de escolas infantís A Galiña Azul e a oferta de prazas nestas escolas na comarca de Ferrol"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia dispón dunha das mellores redes de escolas infantís 0-3 de España, con máis de 32.000 prazas que permiten dar resposta á demanda de prazas nunha etapa educativa que é totalmente voluntaria, e que non é financiada polo Goberno. Ademais, son unhas escolas moi accesibles grazas ao programa de gratuidade implantado pola Xunta de Galicia, medida pioneira en España que a Xunta comezou a desenvolver no curso 2019-2020 e que lles permite ás familias pagar 0 euros pola matrícula e a atención educativa dos seus fillos, cun aforro medio por familia de preto de 3.000 euros cada curso escolar.

A Xunta de Galicia destinará neste ano 2026 máis de 65 millóns de euros ao programa de gratuidade: é dicir, as familias galegas aforran máis de 65 millóns ao levar aos seus fillos a unha escola infantil. A dotación orzamentaria deste programa é asumida en solitario pola Xunta de Galicia en solitario, dado que a contribución do Goberno central a este programa é de 0 euros.

A principal consecuencia da aplicación deste programa é o aumento das taxas de escolarización na etapa 0-2, ata acadar cifras históricas sen precedentes en Galicia. Como xa ten informado o Goberno galego no Parlamento, Galicia é a comunidade de España coa maior taxa neta de matriculación no 1º ciclo de Educación infantil.

En concreto, Galicia é líder absoluta en España, cunha taxa de escolaridade que supera o 64% no 1º ciclo de Educación Infantil superando a media española. Isto supón que Galicia é a comunidade autónoma onde máis familias poden acceder a unha praza nunha escola infantil. Ademais, con estes datos, Galicia xa está a cumprir sobradamente os obxectivos que marca a Unión Europea para o ano 2030.

En canto as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia na comarca de Ferrol, o Goberno galego seguirá apostando firmemente pola implantación do programa de gratuidade na etapa 0-3.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727





En canto ao que se refire ás escolas infantís da rede Galiña Azul xestionada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, estas escolas manteñen un proxecto pedagóxico de total calidade. A redución do horario do persoal ao que fan referencia, se fixo en cumprimento do acordo asinado en decembro de 2023 de redución da xornada semanal ao seu persoal, pasando de 37,5h a 35h; acordo asinado pola Xunta de Galicia coas principais organizacións sindicais: CIG, CCOO, UXT e CSIF".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:25:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:25:01
Nº Rexistro: 46009
Data envío: 16/01/2026 11:25:01.230

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29083**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a repercusión dos baleirados dos encoros nos bancos marisqueiros das rías, singularmente na ría de Muros e Noia, a necesidade de establecer un protocolo e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 4 de marzo de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 16224.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=OGUwYTg3YmYtOTFhMy00NDNkLTg0M2UtYjhiZThkMDVkJm&start=5485.889](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OGUwYTg3YmYtOTFhMy00NDNkLTg0M2UtYjhiZThkMDVkJm&start=5485.889)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a xestión dos encoros das bacías hidrográficas de competencia autonómica co fin de controlar o impacto do seu baleirado na salinidade das augas das rías e a consideración por parte da Xunta de Galicia da posibilidade de realizar estudos nesta materia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:24:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:24:55
Nº Rexistro: 46008
Data envío: 16/01/2026 11:24:55.051

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29090**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, dona Olalla Rodil Fernández e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"a denuncia presentada contra o exconselleiro do Mar por agresión sexual, o momento en que a Xunta de Galicia tivo coñecemento dela e a orixe da filtración da identidade da denunciante"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O 4 de xuño, Alfonso Villares anunciaba en rolda de prensa a súa dimisión como conselleiro do Mar.

Os feitos polos que Alfonso Villares está a ser investigado non teñen que ver coa súa actividade como conselleiro e, desde a súa dimisión, pertencen ao ámbito xudicial.

A Xunta de Galicia respecta, neste caso como en todos, o traballo da Xustiza, á persoa denunciante e á denunciada e tamén a presunción de inocencia, que é clave nun Estado de Dereito.

Así mesmo, o apoio do Goberno galego ás mulleres que son vítimas de violencia está fóra de toda dúbida. Como Goberno e como sociedade, non deixaremos de traballar ata acabar coa violencia de xénero".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 21:00:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46669
Data envío: 19/01/2026 21:00:18.451

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29093**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a calidade da atención que se presta na Residencia Asistida de Maiores de Oleiros ás persoas residentes e as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego co obxectivo de melloralas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Todos os centros de servizos sociais son inspeccionados co obxecto de comprobar o cumprimento da normativa vixente e as obrigas legalmente establecidas. Todas as denuncias presentadas son obxecto de investigación para o esclarecemento dos feitos e son contestadas ás persoas reclamantes.

No que respecta ao cadro de persoal desta residencia, cumpre amplamente o establecido na normativa vixente. Ademais do persoal de dirección, administración e servizos xerais forman parte deste persoal profesionais sanitarios das distintas ramas, medicina, enfermaría, psicoloxía, fisioterapia, terapia ocupacional e auxiliar de clínica.

Na derradeira visita da inspección constatouse un bo ambiente no centro, os espazos da residencia son amplos e luminosos e as zonas axardinadas permiten o espacemento das persoas residentes e das súas visitas na natureza.

Así tamén a residencia conta cunha unidade especial con camas de enfermaría na que se prestan os coidados médicos.

Respecto á manutención, no centro ofértanse 4 dietas básicas: Normal, Diabética, Protección Gástrica e Astrinxente. Todos os menús están supervisados polo persoal médico.

Así mesmo, en función das necesidades específicas da persoa usuaria, e sempre baixo prescrición médica, pode servirse calquera dieta personalizada sexa de forma esporádica ou crónica (dieta líquida, dietas preparatorias para probas clínicas, dietas baixas en calorías, etc). Tamén se prescriben dietas especiais en función de intolerancias ou alerxias específicas. Todas estas dietas poden presentarse en varias texturas, normal, picada, túrmix.

No centro existe dende o ano 2023 un programa que posibilita que os familiares das persoas residentes poidan probar o menú que se prepara".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:24:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:24:49
Nº Rexistro: 46007
Data envío: 16/01/2026 11:24:49.726

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29098**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Óscar Insua Lema e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"a postura do Goberno galego e as súas previsións no que concirne á posibilidade de explotar a ameixa e o ameixon na ría de Corcubión coa técnica do mergullo con subministración de aire en superficie"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) ven realizando a avaliación de stock e seguimento da explotación de diferentes bancos marisqueiros infralitorais explotados en réxime de libre marisqueo en Galicia. Así, dende principios da década de 2000 este seguimento foi levado a cabo de xeito continuado en tres bancos da ría de Arousa: Lombos do Ulla, Bohído e Cabío. En 2018 iniciouse o seguimento dos bancos de Ares e Sada na ría de Ares-Betanzos. No 2021 incorporouse a este seguimento os bancos de Tiran e Canido na ría de Vigo e no 2023 Cabo de Mar nesa mesma ría. Finalmente neste ano 2025 incorporáronse tres bancos ao norte da península do Grove.

Con todo o anterior pode comprobarse a incorporación de novas zonas a avaliar en función das necesidades detectadas pero polo de agora se basean en bancos sometidos a unha extracción máis ou menos importante.

En canto a extracción destes recursos a normativa posibilita dúas vías:

- Ao tratarse de zonas de libre marisqueo non sometidas a plan de xestión estaríase ao establecido no artigo 4 *Normas de explotación para as zonas de libre marisqueo* para o trienio 2024-2026 da Orde do 21 de decembro de 2023 polo que as embarcacións coa modalidade de marisqueo da zona V nas súas artes poderán exercer a actividade marisqueira respectando as disposicións vixentes sobre extracción e comercialización.

- A presentación dun plan de xestión de marisqueo dende embarcación con vara por unha ou varias confrarías interesadas, neste momento podería presentarse un plan de xestión de nova incorporación tal e como se recolle no Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas

Co derogado Decreto 59/1992, do 6 de marzo, polo que se regula a extracción de especies marisqueiras e a recolección de algas nas augas de Galicia, cámbiase o modelo de explotación dos recursos, evolucionando a un sistema de coxestión baseado en plans de explotación e que corresponsabiliza ás entidades asociativas do sector na xestión dos recursos. Así, mediante a orde do 24 de xuño de 1992 da consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, aprobase o primeiro Plan Xeral de Explotación Marisqueira.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra banda, as artes autorizadas para o exercicio do marisqueo estiveron inicialmente reguladas no Decreto 424/1993, do 17 de decembro (derogado), e actualmente polo Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. O decreto mencionado establece no artigo 158 que só se permite o emprego de equipamentos subacuáticos sen ou con subministración de aire, para a explotación de determinados recursos específicos e cando así o determine o plan de xestión correspondente. Polo tanto, os recursos marisqueiros xerais non se poden explotar con técnicas de mergullo.

Polo tanto, en Galicia durante máis de 20 anos a actividade de marisqueo dende embarcación dirixida aos recursos marisqueiros xerais, exerceuse ao abeiro de plans de xestión empregando a arte de marisqueo con vara, respectando a normativa vixente, e tendo en conta que os bancos marisqueiros a flote atópanse na zona infralitoral a diferente profundidade.

A Orde do 21 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026, ten por obxecto aprobar o conxunto de normas e orientacións destinadas a regular e programar a conservación e explotación sustentable dos recursos marisqueiros xerais para o trienio mencionado.

Mediante a orde mencionada, aprobáronse un total de 92 plans de xestión, correspondendo un 38% a plans coa modalidade de marisqueo desde embarcación con vara, que tamén poden desenvolver a actividade nas zonas de libre marisqueo de conformidade coas normas recollidas no artigo 4 da mencionada orde.

No Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia figuran 2.456 embarcacións coa modalidade de marisqueo dende embarcación, que son os que poden exercer a súa actividade con vara ao abeiro dos plans de xestión e normas das zonas de libre marisqueo, sendo os primeiros o instrumento fundamental de planificación da actividade marisqueira en Galicia.

No caso da zona V Fisterra unicamente existen 15 embarcación coa modalidade de marisqueo dende embarcación con vara todas elas da confraría de pescadores de Fisterra, xa que nesa zona soamente se solicitou por parte das confrarías un plan de marisqueo dende embarcación (PE403A 2023/1-1).

A mencionada Orde do 21 de decembro de 2023, polo que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026 tamén regula os plans zonais, e establece no seu artigo 8.2 que **non se aprobarán plans zonais para a explotación con técnicas de mergullo de moluscos bivalvos diferentes a solénidos.**

Na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro se presentaron plans experimentais/zonais para a explotación de moluscos bivalvos con técnicas de mergullo nos anos 2009, 2014, 2015, 2016, 2017 e 2025, todos eles foron considerados desfavorables por resolución da consellería do Mar, en consonancia cos informes técnicos desfavorables.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Nas resolucións da Consellería do Mar desfavorables á aprobación do plans experimentais expoñíanse detalladamente os motivos da denegación

Finalmente sinalar que as normativa reguladora da actividade pesqueira realízase con consulta e colaboración coas entidades que representan os intereses do sector, en particular as federacións provinciais é a Federación Galega de Confrarías, que representan os intereses do conxunto do sector. E é neste marco que se poden encadrar as modificacións ou nova normativa reguladora da actividade marisqueira”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 10:32:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 10:32:49
Nº Rexistro: 46712
Data envío: 20/01/2026 10:32:49.504

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29099**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a exclusión social en Galicia, as previsións do Goberno galego nesta materia e o impulso dunha reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"As competencias en materia de estranxeiría son estatais, e polo tanto a Xunta de Galicia non pode activar medidas que eviten os retrasos para obter as citas ou resolucións nesa materia, das que somos coñecedores.

A Xunta de Galicia, dentro das súas competencias, desenvolve políticas orientadas á integración social, entre outras, das persoas inmigrantes, poñendo á súa disposición os mesmos servizos aos que ten dereito calquera galego, especialmente os de sanidade, educación ou servizos sociais, ademais de facilitarlles o acceso a programas que faciliten a súa inclusión na nosa sociedade.

Estes programas instrumentáanse basicamente a través de ordes de subvencións, dirixidas tanto a entidades de iniciativa social como a corporacións locais, que permiten financiar actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social dirixidos a colectivos en risco de exclusión, e contan con liñas específicas dirixidas ás persoas inmigrantes que permiten desenvolver diferentes accións de inclusión sociolaboral, como actividades formativas e prelaborais, mediación intercultural ou asesoramento legal, entre outros, mais alá de que se poidan beneficiar tamén dos programas que con ámbito xeral impulsamos para a atención ás persoas en risco ou situación de exclusión social. Entre estes programas atópanse prestacións como a RISGA, á que poden acceder as persoas solicitantes de protección internacional, ou as Axudas de Inclusión Social (AIS) de diferentes tipoloxías, que non inclúen como requisito o de dispor de residencia legal.

Sinalar que dende a Consellería de Política Social e Igualdade somos coñecedores do programa Somos Acubillo, xa que estivemos presentes na súa presentación".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:24:43
Nº Rexistro: 46006
Data envío: 16/01/2026 11:24:43,167

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:24:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:24:43
Nº Rexistro: 46006
Data envío: 16/01/2026 11:24:43,167

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29101**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmela González Iglesias, dona Rosana Pérez Fernández e dona Cristina Fernández Davila, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a proposta contida no real decreto do Goberno central que prevé recomendar unha mingua das racións de peixe nos comedores escolares e as directrices que vai promover a Administración galega nesta materia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno Galego manifestou a súa oposición ao Real Decreto 315/2025, que redefine o marco normativo dos menús escolares a nivel estatal, unha norma que contradí a recomendación da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (Aesan) de consumir pescado un mínimo de tres veces por semana en liña cos estándares da Organización Mundial da Saúde (OMS).

Esta norma tamén supón unha afronta ao sector pesqueiro, esencial para garantir a soberanía alimentaria da cidadanía.

O entorno escolar é esencial á hora de inculcar á mocidade bos hábitos alimenticios xogando un papel clave neste ámbito. Por iso, resulta incomprensible que se limite a presenza dos produtos pesqueiros, xa que o peixe ten un alto contido en omega-3 que favorece o desenvolvemento cognitivo dos máis pequenos da casa. Tamén é rico en vitaminas e minerais así como de proteínas de alta calidade que, entre outros beneficios, axudan a reducir nun 60% o risco de padecer déficit de atención ou hiperactividade.

Unha actuación, a do Goberno central, que contrasta coa da Xunta impulsando medidas de promoción do consumo como o Bono Peixe que pretende corrixir a tendencia negativa da última década cunha redución da presenza destes alimentos nos fogares da comunidade nun 24%.

Lembrar tamén a campaña autonómica de promoción dos produtos pesqueiros GALICIA SABE AMAR, que, ademais, tamén permite visibilizar o traballo e bo facer dos profesionais do mar.

Iniciativas que terían un maior impacto se o Estado accedera a rebaixar o IVE a estes produtos como sinalan estudos das universidades galegas e as institucións comunitarias".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 10:32:43
Nº Rexistro: 46711
Data envío: 20/01/2026 10:32:43.811

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 10:32:43

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29103**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, dona Olalla Rodil Fernández e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"o atraso da apertura do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Centro de atención a persoas con discapacidade (CAPD) de Ourense fíxose realidade no ano 2025. Un centro público de vangarda, de máxima calidade e cos mellores servizos.

Un centro no que a Xunta de Galicia investiu máis de 10 millóns de euros e que pon a disposición das familias 110 prazas públicas de atención diúrna e residencial.

Así, o acceso realízase por lista pública e todas elas son ofertadas por un prezo público para todas as familias.

Tal e como foi aprobado polo Consello da Xunta, unha entidade social encárgase do seu funcionamento, deste xeito, a Xunta de Galicia publicou unha contratación reservada para entidades sociais sen ánimo de lucro porque a súa amplísima experiencia demostra que son a mellor maneira de dar resposta ás necesidades dos usuarios deste centro".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:24:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:24:37
Nº Rexistro: 46005
Data envío: 16/01/2026 11:24:37,558

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29104**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e don Luis Bará Torres, sobre **"as actuacións, os estudos e os plans da Xunta de Galicia en materia de protección do medio mariño das costas galegas fronte ás especies invasoras"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 11 de novembro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro 36042.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDNjNTY0NjltM2ZiNy00MDdjLTk4NWQtYmExYjNiZDFmOTI1&start=9145.932>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en práctica de medidas para o control das especies mariñas exóticas que invaden as rías galegas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:24:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:24:31
Nº Rexistro: 46004
Data envío: 16/01/2026 11:24:31.889

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29112**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a valoración que realiza o Goberno galego e as súas actuacións ante o impacto producido na frota galega pola prohibición da pesca con artes de fondo en 87 zonas do Atlántico nororiental"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 14 de outubro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 35675.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NjJhZGJmNWltMWRkMy00YjFLWl0NGEtOGM5MGY4NmJkMTIi&start=10299.547](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjJhZGJmNWltMWRkMy00YjFLWl0NGEtOGM5MGY4NmJkMTIi&start=10299.547)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a avaliación das políticas pesqueiras europeas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:24:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:24:26
Nº Rexistro: 46003
Data envío: 16/01/2026 11:24:26.277

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29113**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"a oferta existente no concello de Lugo de centros de día públicos para persoas dependentes e discapacitadas e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O concello de Lugo conta cun total de 641 prazas en centros de día repartidas en centros para persoas maiores e persoas con discapacidade.

Destas prazas, actualmente hai 218 dispoñibles par persoas maiores (26 das cales corresponden ao centro de día municipal), e 78 dispoñibles para persoas con discapacidade, polo que os veciños de Lugo que o precisen poden acudir a estes centros.

Para os centros de día privados, o Goberno galego pon a disposición de todos os galegos bonos que axudan o seu pago.

Por outro lado, a maioría dos maiores en Galicia prefiren estar coidados nas súas casas, nas súas parroquias, preto das súas familias e amizades. Conscientes da importancia deste tipo de coidados, máis personalizados e demandados polos nosos maiores, o Goberno galego leva anos apostando e impulsando servizos de proximidade como o servizo de axuda no fogar, o programa xantar na casa, a telesistencia, ou o Bono coidado no Fogar unha axuda pública universal de 5.000 euros ao ano que beneficia a máis de 33.000 galegos que son coidados nas súas casas por un familiar, un veciño ou outra persoa da súa confianza".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:24:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:24:20
Nº Rexistro: 46002
Data envío: 16/01/2026 11:24:20.565

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29114**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a perda de produción no sector mexilloeiro e o traballo que desenvolve, e prevé desenvolver, o Goberno galego para afrontar a situación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia reactivou o 22 de outubro de 2025 a Comisión do Mexillón como instrumento para afrontar coas máximas garantías os retos do sector. A conselleira do Mar, presidiu a reunión deste órgano, onde defendeu a importancia da súa función consultiva e de asesoramento entre Administración e profesionais, definíndoo como espazo común para reforzar o liderado desta actividade extractiva e tamén para a toma de decisións por parte da Administración, co fin de que estas revertan na optimización da xestión do seu cultivo.

Neste senso, a conselleira do Mar remarcou que para asumir os desafíos actuais resulta imprescindible que os produtores actúen desde o consenso e o diálogo; o mellor método, para potenciar este produto que é un dos máis destacados da acuicultura galega, está recoñecido internacionalmente pola súa excelencia, e supón un recurso moi destacado no eido gastronómico.

A Xunta de Galicia reforza así o seu compromiso coa sostibilidade e o desenvolvemento deste recurso acuícola estratéxico, debullando unha estratexia conxunta co sector que se verá complementada cos proxectos que xa ten en marcha a Consellería do Mar.

É o caso de Apromex, destinado á análise de poboación de semente de mexillón no intermareal rochoso e a avaliación de novos sistemas de captacións); o convenio coa Universidade de Vigo para a identificación e marcaxe selectiva de larvas deste molusco mediante anticorpos monoclonais; e Capacitamex, dirixido á mellora da capacitación das asociacións de produtores; entre outros.

Con posterioridade, o 26 de novembro reuníuse de novo a Comisión do Mexillón que decidiu retrasar un mes, ata o 1 de xaneiro, o inicio da campaña de extracción de mexilla, amparándose nos datos técnicos e científicos e tras escoitar a opinión do sector.

Na reunión, na que participou a conselleira do Mar, o director do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), expuxo os datos biolóxicos recompilados polo proxecto Apromex, que revelan unha escasez do recurso e un tamaño que recomentan adoptar esta decisión. Neste mesmo sentido, amosáronse os representantes do sector.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A consellería puxo en valor que esta medida sae do consenso entre a Administración, os científicos e o sector e vela pola sostibilidade dun recurso tan importante para Galicia. O obxectivo é que o sector miticultor galego sexa capaz de abastecerse coa cantidade de mexilla suficiente para garantir unha campaña axeitada para todos.

Na reunión tamén se abordou a evolución do episodio de biotoxinas, co fin de consensuar medidas de xestión que permitan manter a produción nos polígonos pechados ata a súa reapertura.

O sector miticultor galego, estratéxico para a comunidade, conta con preto de 3.600 bateas espalladas por todo o litoral. Este encontro amosa, unha vez máis, e reflexo do modelo de cogobernanza que preside a xestión pesqueira en Galicia, clave para afondar no liderado desta actividade extractiva”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 10:32:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 10:32:31
Nº Rexistro: 46709
Data envío: 20/01/2026 10:32:31.792

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29122**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"a situación económica e demográfica do concello de San Sadurniño, así como sobre o proxecto do Concello para ampliar a superficie de usos industriais no lugar da Bidueda, mediante a creación dun polígono industrial coa posible colaboración da Xunta de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector empresarial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da de Ferrolterra, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, a planificación do solo empresarial realízase a través do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAE). Este instrumento planifica e localiza a superficie de solo empresarial de carácter supramunicipal, e define os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo.

O desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Polo tanto, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

Por outra banda, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Nesta liña, na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas inclúese a modificación do Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en política industrial, engadindo a posibilidade de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos. Poñendo deste xeito a disposición do tecido empresarial unha posibilidade de desenvolver solo de xeito áxil con redución de prazos.

Igualmente na citada Lei 5/2024, inclúense, entre as medidas temporais e excepcionais dirixidas á creación de solo empresarial, os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial en municipios rurais cunha tramitación simplificada, na cal se posibilita a redución dos prazos xerais para actuacións de solo empresarial en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes para crear unha área empresarial de ata 5 ha. Figuras que están dispoñibles para aplicar no Concello de San Sadurniño no caso de haber demanda de solo industrial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 10:32:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 10:32:20
Nº Rexistro: 46707
Data envío: 20/01/2026 10:32:20.038

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29124**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a equiparación dos coeficientes redutores das froas palangreira e arrastreira que traballan en augas internacionais cos dos buques conxeladores e as accións que desenvolveu ou prevé desenvolver o Goberno galego ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Galicia rexeita os criterios de aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.

Así llo trasladou a Consellería do Mar, á secretaria xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nunha carta remitida o 20 de maio a propósito da Circular 4/2023, do 15 de decembro de 2023, e que foi obxecto de debate na última Comisión Sectorial de Política Social e Seguridade da Frota do Consello Galego de Pesca, celebrado o pasado 14 de maio en Santiago.

A comunicación estatal establece que os barcos que se atopen rexistrados como palangreiros-conxeladores ou arrastreiros-conxeladores non teñen a consideración de buques conxeladores aos efectos da aplicación dos coeficientes redutores establecidos, polo que esta cuestión supón claramente unha discriminación respecto desta frota que faena en augas internacionais, que é maioritariamente galega, especialmente a de palangre de superficie.

Por este motivo, Galicia declina aceptar estes criterios que, por outra banda, tampouco son ningunha novidade. A misiva do Executivo central é completamente idéntica neste punto á publicada en xullo de 2017, e xa daquela suscitara a mesma controversia.

Ao abeiro dos feitos, a Consellería do Mar, en aras dunha defensa clara dos intereses do sector, dá cumprimento ao acordo da citada Comisión e pide na carta enviada á responsable da Secretaría Xeral de Pesca que coordine unha reunión coa presenza dos organismos competentes nesta materia, é dicir, o propio departamento gubernamental, a Dirección Xeral da Mariña Mercante, o Instituto Social da Mariña e a Consellería do Mar, para estudar conxuntamente a modificación destes criterios fixados na Circular 4/2023".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 10:32:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 10:32:12
Nº Rexistro: 46706
Data envío: 20/01/2026 10:32:12.962

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29125**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre "**a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto do grao de prioridade e das condicións da ampliación do polígono empresarial de Bértoa, en Carballo, así como das razóns para non telalevado a cabo con anterioridade**", convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector empresarial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da comarca de Bergantiños, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, a planificación do solo empresarial realízase a través do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOATEG). Este instrumento planifica e localiza a superficie de solo empresarial de carácter supramunicipal, e define os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo. O desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Polo tanto, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

Ademais, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Nesta liña, na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas inclúese a modificación do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en política industrial, engadindo a posibilidade de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos. Poñendo deste xeito a disposición do tecido empresarial unha posibilidade de desenvolver solo de xeito áxil con redución de prazos.

Igualmente, na citada Lei 5/2024 inclúense, entre as medidas temporais e excepcionais dirixidas á creación de solo empresarial, os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial en municipios rurais cunha tramitación simplificada, na cal se posibilita a redución dos prazos xerais para actuacións de solo empresarial en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes para crear unha área empresarial de ata 5 ha.

Por outra banda, a Xunta de Galicia ten aberta unha liña de apoios -de nova creación- dotada con 1 millón de euros para incrementar a seguridade e a competitividade dos parques empresariais de Galicia. En concreto, estes apoios están destinados a implantar solucións que minimicen os riscos nos polígonos industriais e mellorar os servizos que ofrecen as empresas que están implantadas neles o que permitirá modernizar os equipos e os sistemas de seguridade dos parques e facilitar a obtención de certificacións, selos ou as marcas de calidade necesarias. A comunidade de propietarios do polígono de Carballo accedeu a esta liña de apoios co proxecto de Implantación da Marca "Polígono Empresarial de Calidad" cun investimento solicitado de 10.442,30 € sobre o que obtivo unha axuda do 80% que se percibe de xeito plurianual (2025-2026). A certificación da Marca de Calidade "Polígono Empresarial de Calidad (Polígono Q)" é unha certificación que emite a Confederación Española de Polígonos Empresariais (CEPE), polo tanto non corresponde a súa avaliación ao Goberno galego, non obstante, parece notable a obtención dese selo para a proxección e potenciación do parque.

Nomeadamente, a Xunta de Galicia, a través de Xestión do Solo de Galicia SA (en diante, Xestur), está promovendo a ampliación do parque empresarial de Bértoa en Carballo.

O polígono industrial de Bértoa e a Fase I da súa ampliación atópanse xa urbanizados e, en uso, cunha superficie total de 1.236.327 m² dos que 638.664 m² son parcelas lucrativas. No derradeiro concurso de alleamento de solo de Xestur foron adxudicadas as últimas parcelas dispoñibles no parque empresarial de Bértoa. O PSOAEG recolle como actuación delimitada a ampliación do polígono na Fase II, que inclúe o desenvolvemento de dous sectores: A e B (código das áreas: 15019013 e 15019014).

En total, a ampliación ten unha superficie de 629.587 m². O sector A está situado ao oeste do parque existente cunha superficie de 516.551 m² e o sector B atópase ao este do parque existente cunha superficie de 113.036 m².

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O instrumento de ordenación urbanística, Plan Sectorial de Ordenación de Solo Empresarial, foi aprobado, polo Consello da Xunta, mediante Decreto 89/2025, do 22 de setembro, polo que se aproba o Plan estruturante de ordenación do solo empresarial do polígono industrial de Bértoa, fase II, sectores A e B, no concello de Carballo, (DOG Núm.204 do 22 de outubro de 2025).

O Goberno galego xa está traballando en paralelo, no proxecto de expropiación, que foi adxudicado, o 21 de abril de 2025, a Calixto Escariz Abogados SLU por importe de 59.180€ máis IVE e no Proxecto de Desenvolvemento e Urbanización e de Parcelamento que foi adxudicado, o 9 de abril de 2025, a Antea Iberolatam SLU por importe de 138.834€ máis IVE. Os redactores do proxecto de expropiación encóntranse ultimando a redacción do mesmo.

O Proxecto de desenvolvemento e Urbanización encóntrase en tramitación ambiental, con data 14 de novembro de 2025 foi solicitado o inicio do procedemento de avaliación de impacto ambiental do proxecto encontrándose actualmente pendente do preceptivo informe de impacto ambiental.

Ademais, desde a Consellería de Economía e Industria mantéñense reunións regulares tanto cos representantes do Concello de Carballo coma cos empresarios de Carballo para, por unha banda, dar conta dos avances e, por outra, coñecer cales son as superficies e as necesidades que van ter as dúas zonas onde se vai ampliar o actual polígono de Bértoa e, deste xeito, adaptar o parcelario o máximo posible ás necesidades do tecido empresarial.

Esta actuación complementase con outras que se están promovendo na comarca de Bergantiños, como é o caso do parque empresarial de Coristanco cunha superficie prevista de 109.000 m2 que se encontra en fase de tramitación do PEOSE nun estado moi avanzado ou o parque empresarial de Cabana de Bergantiños cunha superficie de 267.216 m2 que se encontra en redacción tendo xa superada a fase ambiental”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 16:43:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:43:02
Nº Rexistro: 47476
Data envío: 22/01/2026 16:43:02.462

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29129**, formulada a iniciativa de Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre **"a postura e as actuacións do Goberno galego ante os cambios que se están a producir no sector do automóbil e o seu impacto en Galicia, e particularmente no referido á crise da empresa Forvia en Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

"O sector da automoción galego conta cunha das cadeas de valor máis completas de Europa, con aproximadamente 200 empresas, que constitúen un motor de innovación e coñecemento cunha gran capacidade tractora da economía.

Remontándose ao ano 2023, o sector rexistrara cifras históricas, tanto en facturación (13.000 millóns de euros), exportacións (9.400 M€), e emprego (24.800 postos de traballo directos, que representaban aproximadamente o 15% do emprego industrial de Galicia). Pero, a pesar destes datos positivos, a Xunta de Galicia xa levaba tempo advertindo das graves consecuencias ás que se está a levar á industria europea cunha serie de decisións que poñían en risco o seu futuro; decisións máis fundamentadas en posturas ideolóxicas que técnicas, de sentido económico ou dirixidas á protección do emprego.

Así, durante anos a Xunta de Galicia veu reclamando ao Estado un mellor deseño dos PERTE e un acercamento ao sector empresarial e ás súas necesidades. En paralelo, no ámbito europeo, especialmente desde o ano 2023, tamén se trasladou á Comisión Europea e no seo de diversos órganos nos que a Xunta de Galicia participa, como a Alianza Europea das Rexións de Automoción, que a industria europea da automoción estaba nunha situación crítica, na que se obrigaba ás empresas a enfrontarse a complexos retos da competencia a nivel mundial e a adaptación a novas normas.

A Xunta de Galicia solicitou en múltiples ocasións a necesidade de adopción de medidas que garantisen unha transición gradual, non traumática, con total seguridade xurídica, implementándose en paralelo medidas en diferentes áreas de traballo, como un Fondo de transición xusta para rexións de automoción, plans de reactivación/rexeneración sectorial, medidas para a adaptación de perfís profesionais, ou flexibilización de normativas e marcos de axudas.

Os últimos datos dispoñibles, do 2024, reflicten lixeiras baixadas tanto en facturación como en empregos. Afortunadamente, polo momento, esas baixadas son moi reducidas, e en Galicia menores que nos ámbitos nacionais e europeos, pero

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



loxicamente son un reflexo do complexo contexto no que se atopa a industria europea.

Neste contexto, a Xunta de Galicia está a destacar polo seu apoio ao sector, porque leva anos sabendo a que se está a enfrontar; e por iso declarou este sector industrial como estratéxico, e elaborou un Plan Director, cunha dotación de ata 230 M€ incluíndo as axudas extraordinarias do ano 2024 (22M€), porque, xa antes de aprobarse o Plan, a Xunta de Galicia era consciente que esta industria non podía agardar, e de aí que se convocaran de forma urxente liñas de subvencións ao sector, continuando no ano 2025 e comprometendo un total de 75 M€ en axudas extraordinarias.

En relación ao detalle das preguntas formuladas, é obvio que a transición enerxética na mobilidade está a conducir a unha reestruturación do sector, e a unha necesidade de adaptación das empresas en canto aos produtos ou servizos que ofrecen. Esta reestruturación non afecta só á industria ourensá ou galega, senón a toda a industria europea. E nesa adaptación, a Xunta de Galicia está a apoiar ao tecido produtivo, co fin de que as empresas manteñan a súa competitividade, e poidan garantir o seu futuro e o mantemento do seu emprego.

As últimas decisións anunciadas pola Comisión Europea parecen rectificar unha parte da estratexia planificada nos últimos anos, e parece supor un primeiro paso que pode favorecer á industria europea da automoción, aínda que se requirirán novas decisións e mecanismos de apoio para poder manter o seu nivel de actividade nos vindeiros anos.

En relación aos anuncios realizados por empresas sobre implantación de industrias noutras Comunidades Autónomas, cómpre salientar que son decisións empresariais nas que a Xunta de Galicia non debe entrar polo miúdo. Non obstante, cómpre salientar que esta Administración Autonómica desenvolve diversas medidas de atracción de investimentos, co fin de que novas industrias se implanten en Galicia, e outras manteñan ou incrementen a súa actividade, sen renunciar a ningún proxecto industrial, ben sexa de fabricación de baterías ou doutros compoñentes dos automóviles.

En relación á "Mesa galega da automoción que elabore e impulse un plan estratéxico para o sector", en primeiro lugar cómpre salientar que, tal e como se ten indicado, Galicia conta xa cun Plan Director de automoción 2025-2027, que pode ser consultado na ligazón <https://ficheiros-web.xunta.gal/plans/pd-automocion-gal.pdf>.

E, tal e como se pode comprobar, este plan inclúe un mecanismo de gobernanza onde se establecen medidas dirixidas a avaliar a súa marcha e posible corrección, entre as que se atopan:

- Comisións sectoriais, que son os mecanismos de encontro co sector para valorar a marcha do plan director e canalizar as solicitudes e demandas

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





- sectoriais que poden dar lugar, de ser o caso, a posibles actualizacións ou modificacións do Plan.
- Informe de carácter bienal, no que se plasmará a marcha dos indicadores da industria da automoción e se avaliarán os seus resultados.
- E tamén se prevé unha medida de fortalecemento do diálogo social do sector, no marco do diálogo social, cunha Mesa de Economía e Industria e, no seo dela, un grupo de traballo para o sector da Automoción, para analizar as demandas e propoñer as medidas máis acaídas que favorezan o desenvolvemento deste sector.

Mediante estes mecanismos de seguimento garátese que o Plan Director sexa documento vivo, onde a colaboración co sector e a coordinación entre os organismos da Xunta de Galicia permita ir modificando, mellorando e perfilando un documento que recolla as demandas sectoriais, de acordo coas necesidades cambiantes do contexto socioeconómico.

Este plan elaborouse partindo dun enfoque colaborativo e participativo, o que garante a conexión entre as prioridades sectoriais que conforman o plan e as necesidades reais da automoción. No seu Anexo II pódese comprobar cales foron as entidades participantes, sen prexuízo de que houbo outras ás que tamén se lles deu a oportunidade de participar, sen que o teñan realizado. Ademais, previamente á aprobación do Plan, solicitouse tamén informe ao Consello Galego de Economía e Competitividade e ao Consello Económico e Social.

No Anexo I do Plan Director de automoción 2025-2027 pode consultarse o detalle das medidas que se están a desenvolver, que se estruturan ao redor de dous obxectivos estratéxicos, cinco eixes e sete ámbitos: internacionalización, dixitalización, sostibilidade, competitividade e innovación, investimentos, persoas, e infraestruturas e solo empresarial.

”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 11:24:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 11:24:14
Nº Rexistro: 46001
Data envío: 16/01/2026 11:24:14.844

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29133**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados e deputadas do mesmo grupo, sobre “ **a actualización do marco legal do turismo en Galicia e a estratexia e planificación turística que desenvolve o Goberno galego**”, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A actual Lei de turismo entrelaza múltiples facetas, e fai especial fincapé en obxectivos como a desestacionalización, diversificación e internacionalización, potenciando o turismo rural, deportivo, de natureza, cultural-patrimonial-histórico, enogastronómico, ou termal, todas elas contempladas nas competencias que a actual Lei inclúe.

A aplicación desta lei contribuíu a fortalecer a imaxe de Galicia como destino turístico de calidade, fomentando o crecemento sostido do turismo rural, cultural e sostible. Ademais, impulsou o desenvolvemento de infraestruturas e aumentou a satisfacción dos visitantes, consolidando a comunidade como referencia en turismo sustentable en España.

Desde a Xunta de Galicia, elaboráronse e executáronse plans e medidas neste sentido, tamén recollidas e amparadas pola normativa actual, tales como: Estratexia de Turismo de Galicia 2030, o Plan de Turismo Termal 2025-2028, Observatorio de sostibilidade turística en Galicia, Plan Director do Camiño de Santiago 2022-2027, o Plan Calidade e Sostibilidade turística, ou as liñas de axuda para a mellora de infraestruturas turísticas en concellos de menos de 10.000 habitantes.

Co obxectivo da posta en valor das nosas singularidades, á hora de propor os proxectos para executar con fondos europeos MRR centrados na sostibilidade do destino, optamos por: Plan do Litoral, Plan enogastronómico, e Plan de Cascos Históricos e Vilas termais, e por suposto outra das nosas singularidades como é a hospitalidade”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 16:42:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:42:55
Nº Rexistro: 47475
Data envío: 22/01/2026 16:42:55.626

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 29144**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luí Bará Torres, don Brais Ruanova Vilas-Boas e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa dotación de solo empresarial na área de Pontevedra e, en concreto, respecto dos parques do Campiño e de Fragamoreira"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector empresarial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da de Pontevedra, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, a planificación do solo empresarial realízase a través do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAEG). Este instrumento planifica e localiza a superficie de solo empresarial de carácter supramunicipal, e define os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo. O desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Polo tanto, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

Ademais, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Nesta liña, na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas inclúese a modificación do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en política industrial, engadindo a posibilidade de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos. Poñendo, deste xeito, a disposición do tecido empresarial unha posibilidade de desenvolver solo de xeito áxil con redución de prazos.

Igualmente na citada Lei 5/2024, inclúense, entre as medidas temporais e excepciónais dirixidas á creación de solo empresarial, os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial en municipios rurais cunha tramitación simplificada, na cal posibilitase a redución dos prazos xerais para actuacións de solo empresarial en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes para crear unha área empresarial de ata 5 ha.

A Xunta de Galicia promoveu o parque empresarial do Campiño, fases I e II. A ampliación do Campiño é unha actuación incluída no PSOAEG. En desenvolvemento desta previsión do PSOAEG a Xunta de Galicia a través de Xestión do Solo de Galicia SA (en diante, Xestur) está a ampliar o parque empresarial do Campiño, téndose xa licitada a redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización.

Durante a redacción do PEOSE foi necesario adaptar a planificación inicial debido a que se detectaron distintas afeccións sectoriais que condicionan a posibilidade de desenvolver o ámbito completo previsto no PSOAEG. O borrador do documento foi presentado por Xestur e a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial ao Concello de Pontevedra, en xullo de 2025, nunha reunión na que se informou ao Concello do contido definitivo do PEOSE, procurándose consensuar solucións en materia de saneamento e dotación de recursos hídricos necesarios para dar servizo ao parque, un paso necesario previo á avaliación ambiental. O 3 de outubro de 2025 foi solicitado pola Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial o inicio da avaliación ambiental estratéxica do PEOSE. En consecuencia, o órgano ambiental iniciou consultas con data 14 de outubro de 2025 que finalizaron o 25 de novembro de 2025.

Por outra banda, en desenvolvemento da previsión do PSOAEG estase promovendo o parque empresarial de Fragamoreira (Poio). Xestur licitou a redacción dos instrumentos de planeamento (PEOSE), así como os proxectos de desenvolvemento e urbanización. O PEOSE encóntrase actualmente en tramitación. O 4 de setembro de 2025, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade emitiu o informe ambiental estratéxico que se fixo público mediante o Anuncio do 5 de setembro de 2025, (DOG núm. 183, do 23 de setembro).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

cidade. Cómpre lembrar que a Xunta está a destinar polo menos o 40% das novas vivendas en alugueiro que se constrúan na Lexislatura estarán destinadas a mozos de ata 36 anos. Un 25% das vivendas en venda tamén estarán reservadas para eles.

A Xunta de Galicia está a desenvolver unha estratexia integral para facilitar o acceso da mocidade á vivenda, combinando nova oferta residencial, axudas directas e incentivos fiscais. Neste ámbito, xa están adxudicados os proxectos dos primeiros aloxamentos compartidos para mozos en Santiago de Compostela, Vigo e Lugo, co inicio das obras previsto neste exercicio e co obxectivo de que estean dispoñibles antes de que remate a lexislatura. Ademais, os orzamentos de 2026 incrementan un 13 % as axudas á compra de vivenda, ata acadar os 4,8 millóns de euros, reforzando especialmente as destinadas á mocidade, que pasan de 2,3 a 2,8 millóns, tanto en núcleos de menos de 10.000 habitantes como en centros históricos ou para o acceso a vivenda protexida.

Xunto a isto, a Xunta mantén medidas pioneiras de apoio financeiro e fiscal, como o sistema de avais do IGVS, que permite á xente moza acceder a hipotecas de ata o 100 % do prezo da primeira vivenda, avalando ata un 20 % do seu valor, unha iniciativa que desde 2023 posibilitou a concesión de avais por case 4 millóns de euros.

Complétanse estas accións coa rebaixa de impostos para menores de 36 anos, cun tipo do 0,5 % en actos xurídicos documentados e a redución do imposto de transmisións patrimoniais do 8 % ao 3 %, ou mesmo ao 0 % en zonas pouco poboadas.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 21:28:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46680
Data envío: 19/01/2026 21:28:06.420

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30474**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"o cambio de criterio adoptado pola Xunta de Galicia no réxime de adxudicación das vivendas de promoción pública (VPP) e o paso do arrendamento á compravenda, as razóns que o impulsa e as perspectivas ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A cuestión que motiva a pregunta coincide co asunto abordado por ese mesmo grupo na pregunta oral en pleno (20485) respostada pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, na sesión plenaria do pasado 9 de xullo de 2025, e da que se aportan ligazóns:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/
QvTcSlFNOD7lSUBm0DxKdYEEr26h7WAGbTcCHQSerBwgaNko](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/QvTcSlFNOD7lSUBm0DxKdYEEr26h7WAGbTcCHQSerBwgaNko)

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/
LqRvRVX6xHaBtjGtMjm4tE7tOlzP6mFaAKDLneHH5uk90g85](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/LqRvRVX6xHaBtjGtMjm4tE7tOlzP6mFaAKDLneHH5uk90g85)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 16:56:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:56:29
Nº Rexistro: 47492
Data envío: 22/01/2026 16:56:29.043

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30477**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"os termos da Estratexia galega de solo residencial aprobada polo Goberno galego, as conclusións do estudo para determinar a localización das vivendas protexidas anunciadas e a valoración dunha revisión do actual modelo nesta materia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia desenvolveu con éxito o Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, aprobado por unanimidade dos membros do Observatorio da Vivenda de Galicia, no que están representados todos os colectivos relacionados coa vivenda.

No marco dese pacto, desenvólvese a Estratexia Galega de Solo Residencial, coa que o Goberno galego cumpre o seu compromiso para nesta lexislatura planificar o desenvolvemento de solo residencial para a construción de 20.000 vivendas protexidas e ata 5.000 libres, a través

En xuño de 2024 o Consello de la Xunta aprobaba a ESTRATEXIA DE SOLO RESIDENCIAL para cumprir coa planificación de desenvolver solo que permitirá a construción en colaboración público privada de 25.000 novas vivendas, 20.000 delas protexidas e 5.000 libres (o 80% protexidas).

En Galicia recorreremos ex novo á regulación dos Proxectos de Interese Autonómico (PIAs) residenciais, simplificando e reducindo os prazos, para poder desenvolver solo no que poder edificar novas vivendas en tempo récord. Temos recorrido, con carácter pioneiro e único en España a estes Proxectos de Interese Autonómico.

A día de hoxe traballamos en 11 PIAs en 10 concellos: Vigo (son 2), Pontevedra, A Coruña, Ourense, Santiago, Lugo, Arteixo, Vilagarcía, Marín e O Porriño.

Unha vez culminado o proceso, o 80% das vivendas, ao se facer en solo público, terán carácter protexido e cualificación pública permanente.

Falamos de tres millóns de metros cadrados para a vivenda do futuro".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46681
Data envío: 19/01/2026 21:28:13.796

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 21:28:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46681
Data envío: 19/01/2026 21:28:13.796

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30538**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"o nivel actual dos prezos da vivenda, as políticas previstas polo Goberno galego nesta materia e o eventual impulso dun plan de vivenda accesible"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta leva tempo defendendo que para facer fronte ao problema do prezo da vivenda, que é estrutural en todo o país, é necesario incrementar a oferta.

Así está a facelo o Goberno galego, que ten o obxectivo de duplicar o parque público residencial con 4.000 novos fogares nesta lexislatura: xa están en marcha máis de 3.000 e no 2026 sumaranse 1.000 máis. Estanse xa a sortear vivendas públicas, como no caso de Pontevedra, Mos ou da Coruña, e vanse entregar as que a Xunta está finalizando en Santiago e Pontevedra.

O Goberno de Galicia está a traballar nos Proxectos de Interese Autonómico en 11 ámbitos de dez concellos, que permitirán desenvolver solo para as 25.000 novas vivendas nun futuro, o 80% protexidas.

Do mesmo xeito, a Xunta está a traballar de man do sector da vivenda, de todos os seus axentes, e cos concellos, administración esencial para levar a bo porto o compromiso de Lexislatura.

Con medidas innovadoras e valentes, con axudas en marcha para a mobilización de vivendas baleiras, a rehabilitación no rural, a busca de novos usos habitacionais a solos e baixos sen actividade.

O Goberno Galego destinará nos orzamentos deste ano 350M€ para políticas de vivenda, cunha partida para o IGVS de 269M€, mentres que a Sociedade Vipugal acada os 77,8M€ para a construción de nova vivenda pública.

Galicia avanza con compromisos económicos rigorosos e cunha planificación seria".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 21:28:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46682
Data envío: 19/01/2026 21:28:20.906

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30545**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), sobre **"a situación da vivenda para a mocidade e a poboación universitaria na Coruña, os programas desenvolvidos polo Goberno galego nos últimos quince anos nesta materia e os compromisos que está disposto a adquirir co obxectivo de superar o contexto actual"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia continúa a reforzar de maneira decidida o seu compromiso coa cidade da Coruña en materia de vivenda pública. Neste sentido, impulsará unha actuación integral nos terreos propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo en Elviña, onde está prevista a construción de 168 vivendas de promoción pública, 150 aloxamentos compartidos destinados a menores de 36 anos e unha residencia universitaria de 150 prazas.

Trátase dun ámbito estratéxico, situado no Campus universitario de Elviña e próximo á trama urbana, o que fai especialmente acaída a orientación destas vivendas e aloxamentos á poboación moza, favorecendo o acceso á vivenda e á formación universitaria.

Para garantir a máxima calidade das actuacións, o Consello da Xunta autorizou antes de rematar o ano a convocatoria dun concurso de ideas, que se publicará nas próximas semanas, que permitirá seleccionar as mellores propostas para a ordenación urbanística do ámbito e a redacción dos proxectos de urbanización e edificación.

A urbanización das parcelas e a construción das vivendas e aloxamentos serán executadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, mentres que a residencia universitaria será promovida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, nunha actuación coordinada que reforza a resposta da Xunta ás necesidades reais de vivenda na Coruña.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Esta iniciativa súmase ás 104 vivendas de promoción pública xa en construción en Xuxán, así como ás 99 vivendas previstas en terreos cedidos polo Concello da Coruña, evidenciando o esforzo sostido da Xunta por ampliar o parque público de vivenda na cidade. Cómpre lembrar que a Xunta está a destinar polo menos o 40% das novas vivendas en alugueiro que se constrúan na Lexislatura estarán destinadas a mozos de ata 36 anos. Un 25% das vivendas en venda tamén estarán reservadas para eles.

A Xunta de Galicia está a desenvolver unha estratexia integral para facilitar o acceso da mocidade á vivenda, combinando nova oferta residencial, axudas directas e incentivos fiscais. Neste ámbito, xa están adxudicados os proxectos dos primeiros aloxamentos compartidos para mozos en Santiago de Compostela, Vigo e Lugo, co inicio das obras previsto neste exercicio e co obxectivo de que estean dispoñibles antes de que remate a lexislatura. Ademais, os orzamentos de 2026 incrementan un 13 % as axudas á compra de vivenda, ata acadar os 4,8 millóns de euros, reforzando especialmente as destinadas á mocidade, que pasan de 2,3 a 2,8 millóns, tanto en núcleos de menos de 10.000 habitantes como en centros históricos ou para o acceso a vivenda protexida.

Xunto a isto, a Xunta mantén medidas pioneiras de apoio financeiro e fiscal, como o sistema de avais do IGVS, que permite á xente moza acceder a hipotecas de ata o 100 % do prezo da primeira vivenda, avalando ata un 20 % do seu valor, unha iniciativa que desde 2023 posibilitou a concesión de avais por case 4 millóns de euros.

Complétanse estas accións coa rebaixa de impostos para menores de 36 anos, cun tipo do 0,5 % en actos xurídicos documentados e a redución do imposto de transmisións patrimoniais do 8 % ao 3 %, ou mesmo ao 0 % en zonas pouco poboadas.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46696
Data envío: 19/01/2026 21:49:47,469

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 21:49:47

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30554**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"as características e condicións da subvención anunciada polo presidente da Xunta de Galicia á rehabilitación de vivendas baleiras que se destinen ao alugamento"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O programa Fogar Vivo ten como finalidade a posta no mercado de alugamento do meirande número posible de vivendas de titularidade privada a través dunha renda accesible, así como a simplificación e axilización do procedemento de incorporación das vivendas.

Con este programa ponse en marcha unha das medidas previstas para a lexislatura 2024-2028, que foi anunciada o pasado 23 abril de 2025 polo Presidente da Xunta de Galicia no debate de Estado da Autonomía, dirixida a mellorar o acceso e a rehabilitación de vivendas.

As liñas básicas deste programa foron validadas na Sección de intermediación e financiamento do Observatorio de Vivenda de Galicia que tivo lugar o 25 de abril de 2025, e na que estaban representados os concellos de Galicia por medio da Fegamp; os axentes da propiedade inmobiliaria por medio do Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Inmobiliaria; as inmobiliarias de Galicia a través da Asociación Galega de Inmobiliarias; o Consello Galego de Arquitectura Técnica, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a Federación de Promotores de Galicia e a Asociación Provivenda.

Para consultar as seccións dispoñibles, así como os requisitos que deben de cumprir adxuntamos a resolución do 3 de xullo de 2025 pola que se regula o programa Fogar Vivo, e se establecen as bases reguladoras das súas axudas (código de procedemento VI426F), se regula o procedemento para obter a condición de concello colaborador (código procedemento VI426G), se establece o réxime transitorio dos programas de mobilización de vivendas para alugamento e se procede á convocatoria das axudas do programa Fogar Vivo para o ano 2025, con financiamento plurianual:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250710/AnuncioC3Q2-040725-0002_gl.html".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46695
Data envío: 19/01/2026 21:49:40,847

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 21:49:40

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30556**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"o Plan estatal de vivenda 2026-2030, a proposta realizada polo Goberno central en relación coa repartición do investimento en políticas de vivenda entre o Estado e as comunidades autónomas e a postura da Xunta de Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

"O borrador do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 chegou o pasado 16 de setembro de 2025 ás comunidades autónomas para a súa revisión. O documento chegou tarde e foi elaborado sen ter en conta as aportacións dos Gobernos autonómicos, nomeadamente da Xunta de Galicia, que xa en decembro de 2024 enviara as súas suxestións para o novo Plan.

En data do pasado 1 de decembro de 2025, a Xunta de Galicia remitiu ao Ministerio de Vivenda as súas alegacións, nas que deixou en evidencia que o documento naceu sen participación real das comunidades autónomas e con escasa flexibilidade para adaptarse ás súas necesidades.

Galicia manifesta e manifestou en todo momento que está disposta a asumir a nova cofinanciación autonómica obrigatoria do 40%. A pesares disto, non se lle permitiu intervir no deseño do plan, que non foi debatido previamente en conferencias sectoriais nin en comisións multilaterais, malia así estar establecido na normativa de cooperación interadministrativa

En canto ao contido e orientación do plan, a Xunta deixou patente nas súas alegacións o retraso na súa tramitación e a nova estrutura financeira, que non vén acompañada dunha maior capacidade de decisión autonómica.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A Xunta reclama desde o primeiro momento un modelo máis flexible, que permita adaptar programas, porcentaxes e requisitos á realidade territorial, así como incorporar actuacións prioritarias como a financiación de solo residencial público, a recuperación de proxectos financiados con fondos do Plan de Recuperación, e a eliminación de medidas consideradas intervencionistas, como os incentivos específicos para zonas tensionadas

No documento da Xunta inclúense tamén alegacións ao articulado, nas que se solicitan modificacións en relación coa necesidade de ampliar a definición de vivenda protexida financiable; permitir axudas para a xestión e urbanización de solo; flexibilizar os criterios de acceso e reparto de fondos; mellorar a coordinación cos programas propios xa existentes; adaptar requisitos para rehabilitación e mobilización de vivenda baleira; e reformular programas como o de avais ou as axudas a colectivos vulnerables, considerados excesivamente restritivos ou pouco operativos.

En conxunto, a comunidade reclama que o plan se configure como un instrumento de colaboración real e non de imposición estatal.

Desde o primeiro momento, o Goberno galego amosou a súa disposición a participar nesta financiación, tal e como evidenciou o presidente na última Conferencia de Presidentes e como vimos reiterando sucesivamente ante o Parlamento de Galicia.

Galicia NON renuncia, de feito xa mantivemos varias reunións e intercambiamos numerosas cartas co Ministerio, nas que manifestamos desde o 1º momento o interese por acceder aos fondos do Plan Estatal. A máis recente na Conferencia Sectorial de Vivenda do pasado 2 de outubro.

O retraso que leva o Ministerio de Vivienda y Agenda Urbana na elaboración do novo Plan Estatal pon en perigo a súa execución e pon en claro risco que comunidades como Galicia poidan convocar as axudas no primeiro semestre de 2026. Serán os cidadáns os principais prexudicados por este atraso.”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 21:49:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46694
Data envío: 19/01/2026 21:49:34.728

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30657**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego respecto das políticas eólicas en Galicia, a situación na que se encontra a ampliación da Rede Natura galega e sobre a posición da Xunta en relación a certas medidas e decisións do Goberno de España nesta materia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Resulta curioso como, ante o resultado da cuestión prexudicial ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, agora é unha defensa do realizado polo Goberno central, cando desde un primeiro momento foi a Xunta de Galicia a que defendeu a correcta tramitación procedimental dos expedientes relativos aos parques eólicos, incluíndo o sometemento a información pública.

En calquera caso, a Xunta de Galicia está a tramitar un novo Plan Sectorial Eólico que nace co fin de:

- Dotar de seguridade xurídica adicional aos desenvolvementos enerxéticos.
- Adaptar a realidade de tramitación ás últimas modificacións legislativas provenientes de Europa (por exemplo, a nova directiva europea establece a necesidade de indicar zonas de despregamento de renovables).
- Establecer a necesidade de aliñar a zonificacións das áreas de desenvolvemento enerxético coas áreas de desenvolvemento industrial, en relación coas zonas de protección ambiental e o desenvolvemento urbanístico.
- E eliminar do plan, en relación coa parte eólica, determinadas zonas onde non existe recurso eólico, de tal xeito que a superficie do novo plan sexa incluso menor á do actual Plan Sectorial Eólico de Galicia.

O Plan Sectorial Eólico (PSEG) articularase en base ao recurso eólico, ás posibilidades de evacuar enerxía e tendo en conta as necesidades próximas de consumo. Non obstante, un maior desenvolvemento enerxético, tal e como está articulado o plan da Xunta de Galicia grazas á Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia e ao previsto no PSEG, permitirá que a cidadanía desfrute de prezos enerxéticos máis baixos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asemade, a tramitación dun plan sectorial xa prevé procesos de información pública. Pero é que ademais, está prevista:

- A creación dunha mesa de traballo co sector eólico, para ir avanzando naquilo no que se debe contar co sector para o seu contido. Sería coas asociacións e os promotores, que, a través das asociacións, queiran pedir participar.
- A creación dun Grupo de traballo no seo do Diálogo Social, adscrito á Mesa de Economía e Industria.

En calquera caso, a tramitación do plan realizarase coa máxima rigorosidade e garantías xurídicas.

Fronte a un instrumento de ordenación territorial, a realidade é que se considera que non se debe facer uso do documento de zonificación ambiental aprobado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITERD) con valores índices de sensibilidade ambiental por territorios.

No resumo executivo do propio documento o MITERD di o seguinte: *"Este modelo no exixe del pertinente procedimiento de evaluación ambiental al que deberá someterse cada instalación en su caso, siendo una aproximación metodológica orientativa que pretende servir de instrumento para que, desde un enfoque estratégico y a una escala general e integradora, se conozcan desde fases tempranas los condicionantes ambientales asociados a las ubicaciones de los proyectos. Asimismo, esta herramienta siempre se deberá complementar con las regulaciones establecidas en aquellos instrumentos de planificación y ordenación aprobados por las Comunidades Autónomas en el ámbito de sus competencias"*.

Polo tanto, como aproximación orientativa non debería ter máis valor que un plan sectorial realizado dun xeito que cumpra estritamente a normativa e que contará con avaliación ambiental estratéxica.

Por último, cómpre sinalar que os instrumentos que apoién unha axilización na implantación e desenvolvemento dos proxectos enerxéticos desde unha óptica de sostibilidade serán ben valorados pola administración autonómica.

Non obstante, non se pode obviar que a valoración política dunha non convalidación dun Real Decreto-lei non se debe facer en base a unha serie de cuestións unicamente, senón en base a diversos aspectos".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46691
Data envío: 19/01/2026 21:49:14.703

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 21:49:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46691
Data envío: 19/01/2026 21:49:14.703

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30697**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"os datos e previsións de que dispón a Xunta de Galicia respecto da renovación e modificación do decreto de artes de pesca e marisqueo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 1 de xullo de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro 24275.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ODZiZjU2MGQtMzY1Ny00ZTA1LW1MzgtOTkyY2Q1NzljNTE1&start=5430.088](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODZiZjU2MGQtMzY1Ny00ZTA1LW1MzgtOTkyY2Q1NzljNTE1&start=5430.088)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a inclusión do Decreto 15/2011 dentro da reforma normativa pesqueira anunciada en 2024 e as previsións, modificacións e consultas da Xunta de Galicia respecto da devandita reforma".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46586
Data envío: 19/01/2026 15:15:25.780

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 15:15:25

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30703**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Silvia Longueira Castro e don Carlos López Font, sobre **"as medidas que ten previsto establecer o Goberno galego respecto da situación das persoas traballadoras do sector marisqueiro na ría do Burgo durante a recuperación da produción da ría"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 8 de outubro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro 33677.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjMxNDQ2ODUtMDE4OS00NmE0LTg5YTYtODU0NGFINWUwOGE0&start=5772.084>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as xestións da Xunta de Galicia e o estado das súas negociacións co Goberno central respecto das axudas correspondentes á parada da actividade extractiva dos mariscadores da ría do Burgo debida ás obras de dragaxe".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/01/2026 13:27:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46371
Data envío: 17/01/2026 13:27:25.508

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30719**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a eficacia do control da Xunta de Galicia sobre os xestores dos comedores escolares no que atinxe á utilización de produtos de proximidade e os plans dos que dispón para fomentar hábitos alimenticios saudables na nosa poboación infantil"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A pesares de non ser unha obriga legal, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar promoveu dende sempre que o servizo de comedor que se presta nas escolas infantís teña en conta o emprego de produtos de proximidade. Así, na licitación do servizo de comedor nas escolas infantís se establece que a empresa adxudicataria deberá proporcionar unha proposta de menú onde se teñan en conta a promoción do noso patrimonio gastronómico e cultural, coidando o bo gusto e costumes do contorna, procurando o emprego de produtos de orixe galega ou elaborados e transformados en Galicia, así como cos produtos frescos de tempada sempre que sexa posible (apartado 3.1 do Prego técnico)."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/01/2026 13:27:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 46369
Data envío: 17/01/2026 13:27:10.412

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30725**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre "**nivel de diálogo da Consellería do Mar co sector marisqueiro para a posta en marcha das axudas do Plan de competitividade e sostibilidade do marisqueo de Galicia 2024-2025 e a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre o seu desenvolvemento e impacto**", convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Na Consellería do Mar somos conscientes da importancia do sector marisqueiro galego co que estamos comprometidos e co que estamos a traballar da man nunha senda de diálogo constante para impulsar accións que redunden no beneficio do sector e dos nosos bancos marisqueiros. Son moitos os factores que inflúen no estado dos bancos marisqueiros, factores ambientais, meteorolóxicos e oceanográficos que motivan as oscilacións na produción que se observan na serie histórica.

Unha vez que tivo lugar a situación excepcional de temperaturas anómalas e fortes choivas acontecida no último trimestre de 2023 e principios de 2024, dende o primeiro momento, a Consellería do Mar estivo en contacto permanente cos representantes do sector de cara á análise de cada situación e da busca de solucións aplicables. Tamén desde o primeiro momento puxéronse en marcha medidas técnicas e de investigación para avaliar a situación, así efectuouse un seguimento dos diferentes bancos marisqueiros por parte dos técnicos das entidades asociativas do sector e da Consellería, para analizar a mortalidade de poboacións dos moluscos bivalvos e documentalo nos datos de seguimento e informes efectuados. No deseño e aplicación de medidas técnicas específicas é esencial o papel dos técnicos e dos investigadores da Consellería do Mar.

Esta forma de traballar, que se basea na cooperación mutua é a forma de traballar que ten a Consellería do Mar, así todas as medidas que temos enriba da mesa nacen do consenso entre o sector e esta consellería e son obxecto da análise dos profesionais técnicos e científicos.

Precisamente da man do sector, froito das diferentes xuntanzas realizadas xurdiu o Plan de Competitividade e Sostibilidade do Marisqueo de Galicia 2024-2025, un documento vivo que se foi adaptando segundo as necesidades do sector e que está a supoñer a tramitación de múltiples liñas de axudas e a posta en marcha de diferentes medidas.

Polo tanto, traballouse e estase a traballar no proxecto de conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sostibles.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Deste xeito realizáronse tarefas de remoción de substrato, tomas de mostras, estudos de sedimento, sementeiras, establecemento de puntos de controis tanto nos bancos marisqueiros de distintas entidades asociativas do sector como nos bancos de libre marisqueo.

Ademais destas medidas, no Plan de Competitividade e Sostibilidade tamén se aposta pola investigación e pola labor de inspección e control, contemplándose o reforzo do labor do Intecmar, do CIMA e de Gardacostas así como o fortalecemento da colaboración entre o sector pesqueiro e organismos científicos aprobando múltiples accións de investigación entre a Consellería do Mar, os distintos centros de investigación Autonómicos e as entidades que conforman o sector pesqueiro a través de REDEMAR.

Tamén deseñáronse unha serie de medidas de apoio a xestión a rexeneración dos bancos marisqueiros na procura da mellora da súa produtividade.

En definitiva o Goberno galego ten como unha das súas prioridades a recuperación dos bancos marisqueiros, impulsando actuacións integrais que garantan a súa sustentabilidade no tempo. Para iso trabállase na xestión responsable dos recursos e na promoción de prácticas baseadas no coñecemento científico e técnico. Este compromiso tradúcese en medidas de rexeneración, seguimento e apoio á investigación aplicada, co obxectivo de fortalecer a produtividade e asegurar un futuro estable para o marisqueo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 16:56:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:56:23
Nº Rexistro: 47491
Data envío: 22/01/2026 16:56:23.381

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30738**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"a situación do saneamento na zona portuaria de Lorbé, no concello de Oleiros, e as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa eventual intervención nun proxecto de obras para evitar as verteduras"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 11 de decembro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro 30810, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MjE5Yzk1ZTQtZmQzYi00OGY2LWFjZGQtM2M3NjlyZjZjNWY3&start=8364.558](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjE5Yzk1ZTQtZmQzYi00OGY2LWFjZGQtM2M3NjlyZjZjNWY3&start=8364.558)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as previsións do Goberno galego respecto das labores de dragado para conseguir a operatividade do calado do dique do porto de Lorbé".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:56:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46367
Data envío: 16/01/2026 22:56:10.379

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30748**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as actuacións previstas no futuro convenio co Concello de Ferrol para desenvolver un plan de rexeneración urbana da cidade e os prazos para a súa sinatura e posta en marcha"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego segue a traballar na mellora das contornas urbanas, da accesibilidade ou dos equipamentos públicos, contribuíndo á revitalización do territorio.

Neste marco, o Consello da Xunta autorizou o 21 de marzo de 2025 a sinatura do convenio de colaboración entre a CVPI e o Concello de Ferrol para executar a rehabilitación urbana da cidade, que suporá un investimento de 12M€ en 4 anos, convenio que foi ratificado o 4 de abril de 2025 entre Xunta e Concello.

O Goberno galego achega o 75% do investimento, é dicir, 9M€; e o Concello de Ferrol aportará o orzamento restante, 3M€.

A Xunta financiará as obras destinadas a adecuación e reurbanización; e a Administración local asumirá o investimento da adquisición de solares e edificios.

O obxectivo das intervencións previstas no convenio é a rexeneración urbana de barrios declarados BIC, históricos e situados na traza do Camiño de Santiago.

O proxecto céntrase en tres áreas de intervención: adquisición de edificios e solo para transformalos en infraestruturas sociais, sanitarias e culturais; rehabilitación de edificios emblemáticos; e reurbanización de rúas, prazas ou accesos.

-En relación á primeira área, rehabilitarase para uso museístico o antigo edificio do "Correo Gallego", na rúa Magdalena, 186. Tamén se acondicionará un solar na Graña para habilitar 60 prazas de aparcamento; e outro solar para acadar un espazo multifuncional na avenida Breogán e rúa Espartero, en Ferrol Vello.

Tamén se adecuarán os solares para o centro de saúde de San Juan, para equipamento deportivo en San Juan, outro no barrio Ultramar para centro social e outro en Caranza tamén para centro social.

-No que se refire ao segundo eixe de actuación, acometerase o acondicionamento do centro cultural Carvalho Calero, do equipamento social en Recimil, do Mercado da Magdalena ou do centro cívico de Caranza.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





-En canto á terceira liña de acción, executaranse obras de reurbanización da rúa Rubalcaba; de mellora da accesibilidade en Caranza ou de comunicación peonil entre os barrios da Magdalena e Canido.

Ademais contémpase a remodelación da praza do Inferniño ou a rehabilitación da rúa Brasil, entre outras actuacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 16:56:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:56:11
Nº Rexistro: 47489
Data envío: 22/01/2026 16:56:11.819

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30758**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"os compromisos adquiridos e os orzamentos comprometidos pola Xunta de Galicia para desenvolver o proxecto "Abrir Ferrol ao mar""**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Abrir Ferrol ao Mar é un programa de actuación no que colaboran Xunta de Galicia, Concello de Ferrol e Autoridade Portuaria de Ferrol para a mellora da calidade urbana e o fomento da mobilidade sostible na fachada marítima e portuaria de Ferrol.

O primeiro paso foi a execución das actuacións conveniadas por Xunta de Galicia e Autoridade Portuaria. En febreiro de 2025 inaugurouse o entorno da dársena de Curuxeiras e a ampliación dun aparcamento na zona da Capitanía Marítima, completando esta primeira fase de Abrir Ferrol ao mar.

A segunda fase de Abrir Ferrol ao mar comprende un novo conxunto de actuación, máis ambicioso aínda, e que se materializa mediante un convenio de colaboración que está a disposición da cidadanía e que recolle as actuacións previstas e os compromisos de cada unha das partes. O texto íntegro pódese consultar aquí: <https://convenios.xunta.gal/consultaconvenios/busqueda-convenio/convenio/2023-1678>

O valor das tres parcelas cedidas polo IGVS ao concello de Ferrol é de 573.641,37 euros.

O programa abrir Ferrol ao Mar supón un investimento total duns 11 M€. A Xunta paga a redacción dos proxectos ao 100%, e a execución das obras e o control e vixilancia das mesmas ao 50%.

Así que as cantidades que prevé o convenio son:

Concello: 5.287.614,75 €

Xunta: 5.712.385,25 €".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46365
Data envío: 16/01/2026 22:55:58.814

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:55:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46365
Data envío: 16/01/2026 22:55:58.814

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30780**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"as contías de financiamento e instrumentos usados para construción de dous proxectos anunciados polo Goberno galego para o impulso da industria metalúrxica na comarca de Ferrol, Eume e Ortegal"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten como prioridade potenciar a modernización do tecido empresarial, crear emprego cualificado, atraer investimentos e mellorar as infraestruturas industriais nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal. Con este obxectivo, o Goberno galego decidiu apoiar con sete millóns de euros dous proxectos considerados estratéxicos e clave para o desenvolvemento económico da zona.

En primeiro lugar, a Consellería de Economía e Industria, a través do programa de préstamos directos do Igape, concedeu cinco millóns de euros para a instalación dunha planta de fabricación de estruturas navais flotantes para a eólica mariña no porto exterior de Ferrol.

Trátase dunha iniciativa de Windwaves —a antiga Nervión, pertencente ao Grupo Amper— que suporá un investimento global de 35 millóns de euros, ocupará 74.025 metros cadrados e permitirá unha importante creación de emprego asociada ao proxecto. A Xunta destaca a proximidade co estaleiro de Navantia en Fene, así como a dispoñibilidade de persoal cualificado na comarca, que reforzan as posibilidades de éxito deste proxecto.

En segundo lugar, o Igape outorgou unha axuda de dous millóns de euros ao Consorcio Galego de Tratamentos Térmicos (COGALTRA) para o impulso dunha infraestrutura pioneira en Narón, de uso aberto e compartido, dedicada ao tratamento térmico do aceiro.

Este centro, único no contexto estatal para pezas de gran volume, entrou en funcionamento o 4 de agosto de 2023 cun investimento total de 2,6 millóns de euros. A Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, destinou 2 millóns de euros en axudas no marco do programa de Centros de Fabricación Avanzada. A súa posta en marcha facilita que as empresas galegas do sector industrial poidan producir con maior calidade, menor custo e prazos de entrega máis axustados.

Ambas iniciativas encaixan na estratexia do Goberno galego de reforzar a competitividade das pemes e contribuír ao desenvolvemento da economía galega, favorecendo ao mesmo tempo a creación e mantemento de emprego de calidade na comarca de Ferrol".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:55:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46364
Data envío: 16/01/2026 22:55:51.478

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30791**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as actuacións e prazos previstos pola Xunta de Galicia respecto do convenio de rehabilitación do Concello de Ferrol"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego segue a traballar na mellora das contornas urbanas, da accesibilidade ou dos equipamentos públicos, contribuíndo á revitalización do territorio.

Neste marco, o Consello da Xunta autorizou o 21 de marzo de 2025 a sinatura do convenio de colaboración entre a CVPI e o Concello de Ferrol para executar a rehabilitación urbana da cidade, que suporá un investimento de 12M€ en 4 anos, convenio que foi ratificado o 4 de abril de 2025 entre Xunta e Concello.

O Goberno galego achega o 75% do investimento, é dicir, 9M€; e o Concello de Ferrol aportará o orzamento restante, 3M€.

A Xunta financiará as obras destinadas a adecuación e reurbanización; e a Administración local asumirá o investimento da adquisición de solares e edificios.

O obxectivo das intervencións previstas no convenio é a rexeneración urbana de barrios declarados BIC, históricos e situados na traza do Camiño de Santiago.

O proxecto céntrase en tres áreas de intervención: adquisición de edificios e solo para transformalos en infraestruturas sociais, sanitarias e culturais; rehabilitación de edificios emblemáticos; e reurbanización de rúas, prazas ou accesos.

-En relación á primeira área, rehabilitarase para uso museístico o antigo edificio do "Correo Gallego", na rúa Magdalena, 186. Tamén se acondicionará un solar na Graña para habilitar 60 prazas de aparcamento; e outro solar para acadar un espazo multifuncional na avenida Breogán e rúa Espartero, en Ferrol Vello.

Tamén se adecuarán os solares para o centro de saúde de San Juan, para equipamento deportivo en San Juan, outro no barrio Ultramar para centro social e outro en Caranza tamén para centro social.

-No que se refire ao segundo eixe de actuación, acometerase o acondicionamento do centro cultural Carvalho Calero, do equipamento social en Recimil, do Mercado da Magdalena ou do centro cívico de Caranza.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





-En canto á terceira liña de acción, executaranse obras de reurbanización da rúa Rubalcaba; de mellora da accesibilidade en Caranza ou de comunicación peonil entre os barrios da Magdalena e Canido.

Ademais contémpase a remodelación da praza do Inferniño ou a rehabilitación da rúa Brasil, entre outras actuacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 16:55:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:55:59
Nº Rexistro: 47487
Data envío: 22/01/2026 16:55:59.977

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30801**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"os datos de que dispón o Goberno galego respecto do mantemento das infraestruturas nas residencias de maiores da Xunta con xestión privada e a frecuencia con que se realizan as inspeccións e o control necesario, especialmente na residencia de Laraxe, en Cabanas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Plan Anual de Inspección de Servizos Sociais recolle, no seu Anexo I, as previsións de visitas de inspección aos centros das distintas áreas de servizos sociais.

En concreto, a Residencia de Maiores de Laraxe, en Cabanas, foi inspeccionada nas anualidades 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025.

Cando no exercicio da función inspectora se constatan deficiencias no mantemento e conservación das instalacións, requírese a súa emenda á entidade. Ao respecto, cómpre indicar que a citada entidade emendou ditas deficiencias cando foi requirida.

A Consellería de Política Social e Igualdade atende as necesidades de todos os centros da súa competencia, como é o caso da Residencia de Maiores de Laraxe, na que en decembro de 2024 se recepcionaron as obras de reforma integral e mellora de instalacións e accesibilidade dos baños, incluídas dentro do "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea "NEXTGENERATIONEU" por un importe de 1,1M€.

Durante o ano 2025 acometéronse varias obras de mellora no centro o que redunda nun maior benestar dos seus usuarios e traballadores."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:39:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46357
Data envío: 16/01/2026 22:39:54.577

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30808**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"as previsión da Xunta de Galicia respecto do proxecto da Variante de Portosín tendo en conta o seu impacto impacto ambiental"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"En data 22/01/2009 foi aprobado provisionalmente un primeiro estudo informativo e de impacto ambiental cun orzamento de 37 M€.

A solución proposta neste estudo foi deseñada tendo en conta a Variante de Noia proposta polo anterior goberno, incompatible coa Variante de Noia finalmente executada, o que fixo necesario iniciar a redacción doutro estudo informativo, coñecido como "Variante da estrada AC-550 no núcleo de Portosín" redactado por ICEACSA no ano 2012.

O contrato definía un novo vial de circunvalación de Portosín, que serviría de alternativa á actual estrada AC-550. A nova variante comezaría en Taramancos, no punto onde finaliza a Variante de Noia, finalizando na AC-550 en Cans ou nas proximidades de Quintáns, tras pasar o núcleo de Portosín, no que se incluíría un enlace intermedio.

Desenvolvéronse tres alternativas, consensuadas co Concello de Porto do Son, con lonxitudes comprendidas entre 7,3 os e 8,3 os km. A alternativa elixida foi a coñecida como alternativa B, consensuada entre a AXI e o Concello de Porto do Son, con intención de incluír no PXOM.

O EI foi sometido a información pública o 20/11/2013. Do resultado do trámite de información pública é de destacar que o informe emitido pola DX Patrimonio era desfavorable ao trazado proposto, e solicitouse que se realizasen unha serie de modificacións de trazado significativas que incrementaban o custe da actuación e obrigaban a modificar o punto final de conexión da variante coa estrada AC-550, que fora seleccionado polo Concello de Porto do Son.

O Concello de Lousame non presentou alegacións e o de Noia remitiu informe favorable.

O Concello de Porto do Son non emitiu informe ata setembro de 2015, é dicir, con 21 meses de retraso; isto demorou case dous anos a redacción do informe de alegacións e a tramitación do expediente.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Algúnhas das alegacións recibidas amosaban a súa desconformidade á execución da nova infraestrutura, polo seu impacto ambiental e fundamentalmente polo seu custe económico, e propoñían que se acometan melloras na estrada AC-550.

Dende entón a AXI leva feitas importantes actuacións de reforzo de firme localizado, como unha operación en 2016 de 5 km e cun investimento de 0,76 M€, e outra no 2023 por 2,36 M€, ao longo de 19 km de estrada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:39:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46354
Data envío: 16/01/2026 22:39:33.821

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 30986**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"os datos e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da planificación eólica en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, é necesario indicar que a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, define o fraccionamento de proxectos (Anexo VI. Parte B. Conceptos técnicos, apartado n) como o *"Mecanismo artificioso de división dun proxecto co obxectivo de evitar a avaliación de impacto ambiental ordinaria, no caso de que a suma das magnitudes supere os limiares establecidos no anexo I"* (proxectos sometidos a avaliación ambiental ordinaria). O pretendido fraccionamento tería como fin último eludir a avaliación ambiental ordinaria. Porén no caso de parques eólicos próximos entre si, non é posible (mediante o fraccionamento) evitar o seu sometemento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental, pola obriga de considerar os efectos sinérxicos ou acumulativos con outros parques xa construídos e/ou avaliados.

Ademais, a Lei 21/2013 obriga, no seu artigo 35, a que os estudos de impacto ambiental que presenten os promotores deban contemplar os efectos sinérxicos ou acumulativos derivados da existencia doutros parques eólicos ou outro tipo de instalacións nas proximidades. Polo tanto, un suposto "troceamento" dos proxectos non evita que a avaliación ambiental deba ter en conta o efecto derivado da proximidade doutras instalacións e infraestruturas.

Ademais, en relación ao emprego de infraestruturas por parte de varios parques cómpre sinalar que a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, define parque eólico como a instalación de produción de electricidade a partir de enerxía eólica, constituída por un ou varios aerogeneradores interconectados electricamente con liñas propias, que comparten unha mesma estrutura de accesos e control, con medición de enerxía propia, así como coa obra civil necesaria. Polo tanto, de acordo con esta definición, pode colixirse o carácter unitario dun parque e considerarse autónomo e independente sempre que teña capacidade de funcionamento separado, sen prexuízo de que comparta infraestruturas de evacuación con outros parques. É máis, compartir infraestruturas de evacuación avalíase favorablemente polos organismos ambientais polas menores afeccións que supoñen para a paisaxe e o medio natural en xeral.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





E esta mesma postura foi referendada polo Tribunal Supremo na Sentenza 316/2025 onde reitera a doutrina sobre o trámite de información pública e precisa que se varios parques comparten infraestruturas de evacuación iso non determina, por si só, a existencia dun único proxecto a efectos ambientais, como viña sostendo o TSX de Galicia.

En canto ás restantes preguntas, é preciso indicar que as tramitacións dos parques eólicos foron garantistas, respectando escrupulosamente a normativa. De feito, non hai ningunha autorización que fose anulada con carácter firme, senón todo o contrario: ata o momento, todos os pronunciamentos do Tribunal Supremo foron para dar a razón á tramitación da Xunta de Galicia, polo que se considera que esas tramitacións xa cumpren con todas as proteccións e condicións ambientais.

En calquera caso, a Xunta de Galicia está a tramitar un novo Plan Sectorial Eólico que nace co fin de:

- Dotar de seguridade xurídica adicional aos desenvolvementos enerxéticos.
- Adaptar a realidade de tramitación ás últimas modificacións legislativas provenientes de Europa (por exemplo, a nova directiva europea establece a necesidade de indicar zonas de despregamento de renovables).
- Establecer a necesidade de aliar a zonificacións das áreas de desenvolvemento enerxético coas áreas de desenvolvemento industrial, en relación coas zonas de protección ambiental e o desenvolvemento urbanístico.
- E eliminar do plan, en relación coa parte eólica, determinadas zonas onde non existe recurso eólico, de tal xeito que a superficie do novo plan sexa incluso menor á do actual Plan Sectorial Eólico de Galicia.

Porén, cómpre sinalar que a previsión de aprobar as zonas de aceleración renovable foi obxecto de recurso ante o Tribunal Constitucional por parte do Goberno central”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 15:15:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46585
Data envío: 19/01/2026 15:15:18.908

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 31112**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a postura do Goberno galego en relación coa xestión pública do centro de atención para persoas con discapacidade construído no barrio de Barrocás, na cidade de Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Centro de atención a persoas con discapacidade (CAPD) de Ourense fíxose realidade no ano 2025. Un centro público de vangarda, de máxima calidade e cos mellores servizos.

Un centro no que a Xunta de Galicia investiu máis de 10 millóns de euros e que pon a disposición das familias 110 prazas públicas de atención diúrna e residencial.

Así, o acceso realízase por lista pública e todas elas son ofertadas por un prezo público para todas as familias.

Tal e como foi aprobado polo Consello da Xunta, unha entidade social encárgase do seu funcionamento, deste xeito, a Xunta de Galicia publicou unha contratación reservada para entidades sociais sen ánimo de lucro porque a súa amplísima experiencia demostra que son a mellor maneira de dar resposta ás necesidades dos usuarios deste centro."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:39:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46351
Data envío: 16/01/2026 22:39:14.738

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 31115**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"os motivos e as previsións do Goberno galego respecto de determinandas actuacións realizadas en Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego quere poñer de manifesto o seu firme compromiso coa cidade de Ourense a través de actuacións concretas que melloran a mobilidade, a calidade urbana e a sustentabilidade.

Neste contexto, a Xunta de Galicia vén de concluír o eixo de mobilidade peonil e ciclista que conecta Ourense de norte a sur, cun investimento global de 5,8 millóns de euros. A última actuación desenvolveuse no paseo da marxe do río Barbaña, onde se renovaron 1,1 quilómetros de pavimento para segregar adecuadamente o carril bici do tránsito peonil entre o barrio dos Remedios e a praza de Abastos. Ademais, deuse continuidade ao paseo nun treito que anteriormente quedaba interrompido, creando unha nova conexión entre a praza de Abastos e A Molinera, e mellorando tamén o cruce coa avenida Pardo de Cela para facilitar a integración da senda procedente da Ponte Vella coa cidade.

Con esta intervención, o Goberno galego culmina un itinerario continuo de arredor de 4 quilómetros que atravesa Ourense e conecta puntos estratéxicos como a estación intermodal, o pavillón Paco Paz, a avenida das Caldas, a praza de Abastos e o paseo do Barbaña, unindo equipamentos públicos, lugares de interese e o centro histórico, incluídas as Burgas.

Este eixo permite avanzar cara a unha mobilidade máis sostible no concello, facilitando desprazamentos cotiáns en bicicleta ou a pé, como o traxecto entre a intermodal e Expourense en apenas 15 ou 20 minutos.

A actuación inscríbese na Estratexia de Mobilidade Sostible da Xunta de Galicia, financiada con fondos europeos Next Generation, que está a impulsar infraestruturas deste tipo nas principais cidades galegas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Así mesmo, a Xunta continúa a investir en Ourense con novos proxectos, como a senda peonil no barrio de Reza, xa licitada por un importe de 1,5 millóns de euros, que permitirá crear 2,8 quilómetros adicionais de itinerarios peonís, reforzando unha vez máis o compromiso do Goberno galego co desenvolvemento equilibrado, accesible e sostible da cidade de Ourense”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 16:55:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2026 16:55:46
Nº Rexistro: 47485
Data envío: 22/01/2026 16:55:46.675

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 31146**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante as peticións do Comité de Empresa do Centro de Menores Monteledo, de Ourense, respecto das condicións das súas instalacións e da dotación de persoal"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A rede de centros públicos destinados ao cumprimento de medidas xudiciais establecidas na lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, dispón de capacidade suficiente para garantir que todas as persoas que teñen que cumprir ditas medidas na Comunidade Autónoma de Galicia fano con normalidade e en función do tipo de medida establecida polo xulgado correspondente.

Respecto do centro público de reeducación Monteledo, efectivamente este centro funciona con normalidade e a súa forma de xestión non ten variado nos seus preto de 30 anos que leva en funcionamento.

A única novidade que se ten producido, da cal se ten informado de xeito reiterado, é que a Xunta de Galicia modificou o procedemento de selección da entidade que xestiona este centro público, que ata agora víñase facendo a través dun convenio publicado no DOG e agora realízase a través dun concerto social publicado tamén no DOG, o cal beneficia ás entidades do terceiro sector. De feito, a implantación do concerto social estase a realizar tamén nos outros centros de reeducación da Xunta, nos centros de intervención en medio aberto e tamén nos recursos de acollemento residencial como casas de familia ou minirresidencias.

O concerto social supón un novo mecanismo que permite impulsar as relacións da Xunta de Galicia coas entidades prestadoras de servizos sociais, e acadar unha maior seguridade xurídica nas actividades deste sector. Neste caso concreto, o concerto social para os centros de reeducación Monteledo e Montefiz publicouse o pasado mes de novembro e non supuxo unha diminución do cadro de persoal, senón todo o contrario: aumentouse o persoal.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Convén lembrar que Galicia é unha comunidade autónoma cuns índices de delincuencia xuvenil moi baixos, e desde logo moi por debaixo da media española: Galicia é a 2ª comunidade autónoma cos índices de notificación de medidas xudiciais a menores de idade máis baixos de toda España, e tamén é a 2ª comunidade autónoma cos índices de execución de medidas xudiciais a menores de idade máis baixos de toda España.

Non obstante, a Xunta de Galicia ten incrementado desde 2009 o número de recursos e de prazas destinadas ao cumprimento das medidas xudiciais impostas polos xulgados de menores. En todo caso, a Xunta de Galicia está a executar todas as medidas xudiciais que veñen establecidas polos Xulgados de menores, tamén as medidas de internamento terapéutico. O 100% das medidas.

Finalmente, respecto das obras de mellora do centro Monteledo, o centro Monteledo está en obras desde hai meses, o que vai redundar nunha importante mellora nas condicións de traballo do persoal do centro e tamén nunha maior confortabilidade para as persoas usuarias do mesmo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:39:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46349
Data envío: 16/01/2026 22:39:03,582

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 31207**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta e don Carlos López Font, sobre "**a valoración que fai a Xunta de Galicia do estado da estrada OU-533 entre Viana do Bolo e A Gudiña e do eventual desenvolvemento dun proxecto de mellora integral desta infraestrutura viaria**", convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a avanzar xa na supervisión do proxecto de trazado elaborado tras o estudo previo realizado na estrada OU-533, que identificou os treitos prioritarios de actuación.

A OU-533 ten unha lonxitude de algo máis de 50 quilómetros, comunicando a N-525 na Gudiña coa N-120 na Rúa. O citado estudo propón o acondicionamento da OU-533 ata conseguir uns parámetros de trazado homoxéneos, mellorando os actuais e permitindo unha conducción cómoda, segura e axeitada á velocidade establecida de 90 km/h.

En concreto, o treito obxecto dos traballos de redacción, avaliados polo Consello da Xunta celebrado en Ourense en data do pasado 20 de outubro de 2025, correspóndese co treito prioritario determinado no estudo previo, e que se corresponde co tramo da OU-533 entre A Gudiña e Viana do Bolo. O obxectivo é actuar nesta zona, de 15 quilómetros de lonxitude, na que practicamente non se poden realizar adiantamentos.

Para acadar este obxectivo no proxecto, o departamento de Infraestruturas da Xunta propónse executar unha actuación integral de acondicionamento na OU-533, neste treito comprendido entre A Gudiña e Viana do Bolo, co obxectivo de mellorar a seguridade viaria, incrementar a capacidade e facilitar os adiantamentos nesta vía e de importancia estratéxica para o sur da provincia de Ourense. Así, deséñase un novo trazado sobre a base da estrada actual, realizando a mellora de interseccións, e habilitando carrís adicionais de adiantamento.

Coas actuacións propostas auméntanse os tramos con terceiros carrís de adiantamento, pasando dunha lonxitude actual total de 760 metros en sentido crecente (sentido A Rúa) e 600 metros en sentido decrecente (sentido A Gudiña), a unha lonxitude futura de 2.600 metros en sentido crecente e 4.460 metros en sentido decrecente. Para elo constrúense novos carrís adicionais, que son os seguintes: en sentido Viana, do pq 0+380 ao pq 1+330 (950 m); e en sentido A Gudiña, do pq 2+730 ao pq 6+830 (4.460 m).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Ademais de nestes carrís adicionais, debido á mellora do trazado tamén aumenta a lonxitude con posibilidade de adiantamento.

O proxecto propón un treito de actuación de especial intensidade, cunha variante de trazado entre os puntos quilométricos 5+000 e 7+100, resultando unha nova plataforma duns 1.250 m de lonxitude, é dicir, reducirase a lonxitude en algo máis de 700 metros deste treito de estrada.

En canto á seguridade viaria, mellórase a seguridade de 8 interseccións nas que se proxecta a disposición de novos carrís centrais de espera. Ademais, configúrase en 6 dos casos a intersección para que se poida realizar un cambio de sentido con seguridade.

E, finalmente, prevéase a extensión dunha nova capa de rodaxe en toda a plataforma da estrada (calzada + beiravías), renovando por completo o pavimento do tramo de proxecto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:38:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46348
Data envío: 16/01/2026 22:38:57.802

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 31809**, formulada a iniciativa de Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, sobre **"as razóns da disolución da sociedade Impulsa Galicia, o calendario de liquidación previsto e outros datos que atinxen ao proceso"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

"O 5 de setembro de 2025, a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 31003, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre o criterio e os datos de que dispón o Goberno galego en relación coa disolución da Sociedade Impulsa de Galicia e as medidas que ten previstas ao respecto, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A continuación inxírese ligazón á resposta:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZGU2Y2Q5OGQtN2ViOS00Yjc2LTliNDMtNGE5ZDFINDZlNTg3&start=3568>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 15:14:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46581
Data envío: 19/01/2026 15:14:49.613

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 31810**, formulada a iniciativa de Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, sobre **"as razóns da disolución da sociedade Impulsa Galicia, o calendario de liquidación previsto e outros datos que atinxen ao proceso"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

"O 5 de setembro de 2025, a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 31003, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre o criterio e os datos de que dispón o Goberno galego en relación coa disolución da Sociedade Impulsa de Galicia e as medidas que ten previstas ao respecto, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A continuación inxírese ligazón á resposta:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZGU2Y2Q5OGQtN2ViOS00Yjc2LTliNDMtNGE5ZDFINDZlNTg3&start=3568> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 46580
Data envío: 19/01/2026 15:14:42.503

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 15:14:42

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 32228**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Paloma Castro Rey, sobre **"os contratos de externalización do IGAPE no que respecta ao seu número, custo, tarefas e criterios, así como ao control da calidade dos servizos, e sobre o persoal interno dispoñible e os plans para o seu reforzo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Oficina Económica de Galicia desenvolve a súa actividade fundamentalmente con medios propios e cun equipo especializado de persoal público que asume as funcións esenciais de atención ás empresas, análise de proxectos, coordinación administrativa e acompañamento institucional.

De maneira puntual e complementaria, recórrase a colaboracións externas de carácter técnico e especializado, sempre baixo a coordinación do Igape, co obxectivo de reforzar capacidades en ámbitos moi específicos cando a natureza dos proxectos ou a demanda do tecido empresarial así o require. En ningún caso estas colaboracións supoñen a externalización de funcións estratéxicas nin decisorias, nin a substitución do persoal propio da Administración autonómica.

Cómpre subliñar que a posta en marcha da Oficina Económica de Galicia supuxo un cambio profundo na relación entre a Administración e o tecido produtivo, configurándose como unha xanela única de atención centralizada, orientada a simplificar procedementos, reducir a burocracia e ofrecer un acompañamento real e continuado ás empresas.

Desde o seu inicio, a Oficina consolidouse como un punto de referencia para empresas, persoas traballadoras autónomas e investidores, cun modelo baseado na proximidade, na axilidade e na coordinación entre departamentos e organismos públicos.

Este novo enfoque permite non só informar, senón acompañar os proxectos desde a súa concepción ata a súa materialización final.

Os resultados avalan este modelo. Desde a súa posta en marcha, a Oficina Económica atendeu xa máis de 33.000 consultas, mantivo arredor de 1.600 reunións de asesoramento empresarial e acompañou centos de proxectos de especial relevancia, cunha elevada taxa de resolución inmediata das consultas e cun nivel de satisfacción moi alto por parte das empresas usuarias.

A través deste traballo, a Oficina converteuse nun instrumento clave para apoiar a competitividade do tecido empresarial galego, facilitar o acceso ao financiamento, impulsar a internacionalización e favorecer a atracción de investimentos, en coordinación co conxunto da política económica da Xunta de Galicia".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 46297
Data envío: 16/01/2026 22:09:22.051

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 22:09:21

CSV: BOPGDSPG-lbgbl.r8ll-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 32229**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"os contratos de externalización do IGAPE no que respecta ao seu número, custo, tarefas e criterios, así como ao control da calidade dos servizos, e sobre o persoal interno dispoñible e os plans para o seu reforzo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Oficina Económica de Galicia desenvolve a súa actividade fundamentalmente con medios propios e cun equipo especializado de persoal público que asume as funcións esenciais de atención ás empresas, análise de proxectos, coordinación administrativa e acompañamento institucional.

De maneira puntual e complementaria, recórrase a colaboracións externas de carácter técnico e especializado, sempre baixo a coordinación do Igape, co obxectivo de reforzar capacidades en ámbitos moi específicos cando a natureza dos proxectos ou a demanda do tecido empresarial así o require. En ningún caso estas colaboracións supoñen a externalización de funcións estratéxicas nin decisorias, nin a substitución do persoal propio da Administración autonómica.

Cómpre subliñar que a posta en marcha da Oficina Económica de Galicia supuxo un cambio profundo na relación entre a Administración e o tecido produtivo, configurándose como unha xanela única de atención centralizada, orientada a simplificar procedementos, reducir a burocracia e ofrecer un acompañamento real e continuado ás empresas.

Desde o seu inicio, a Oficina consolidouse como un punto de referencia para empresas, persoas traballadoras autónomas e investidores, cun modelo baseado na proximidade, na axilidade e na coordinación entre departamentos e organismos públicos.

Este novo enfoque permite non só informar, senón acompañar os proxectos desde a súa concepción ata a súa materialización final.

